

Consello de Contas
de Galicia



**ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN
DAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS CONTRARIOS AOS
REPAROS E DOS EXPEDIENTES CON OMISIÓN DO
TRAMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA.**

**CONCELLOS DE 10.001 A 20.000 HABITANTES.
PROVINCIA DE LUGO.
EXERCICIO 2016**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	11
II. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN.....	11
III. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN	13
IV. NORMATIVA LEGAL.....	14
V. LIMITACIÓNS AO ALCANCE.....	16
VI. DESENVOLVEMENTO DA FISCALIZACIÓN	16
VII. CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER XERAL.....	16
VII.1. O CONTROL INTERNO	16
VII.2. ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS.....	18
VII.3. EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA.....	19
VII.4. NORMATIVA EN MATERIA DE RESPONSABILIDADES.....	22
VII.4.1. Responsabilidade do ente fiscalizado	22
VII.4.2. Responsabilidade específica dos órganos de intervención	22
VII.4.3. Responsabilidade do Consello de Contas	23
VIII. SITUACIÓN XERAL DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE LUGO	24
VIII.1 SITUACIÓN XERAL RELATIVA A ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACION E ANOMALÍAS.....	24
VIII.2 GRAO CUMPRIMENTO OBRIGA DE REMISIÓN	24
VIII.3 ASPECTOS XERAIS SOBRE A INFORMACIÓN REMITIDA POLAS ENTIDADES	27
VIII.4. SITUACIÓN XERAL RELATIVA AOS ÓRGANOS DE CONTROL INTERNO.....	29
IX. ANÁLISE POR ENTIDADE	33
IX.1. ENTIDADES QUE CUMPRIRON COA OBRIGA DE REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN E SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN AO CONSELLO DE CONTAS	34
IX.1.1. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.....	34
IX.1.1.1. Sistema de control interno empregado na entidade.....	34
IX.1.1.2. Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos.....	37
IX.1.2 CONCELLO DE SARRIA.....	41
IX.1.2.1. Sistema de control interno empregado na entidade.....	41
IX.1.2.2. Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización e anomalías de ingresos.....	44
IX.1.3. CONCELLO DE VIVEIRO.....	48

IX.1.3.1 Sistema de control interno empregado na entidade.....	49
IX.1.1.2. Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos.....	52
IX.2. ENTIDADES QUE INCUMPREN A OBRIGA DE REMISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 218.3 DO TRLRFL	54
IX.2.1 CONCELLO DE VILALBA	54
IX.2.1.1 Resultado do traballo	54
IX.2.1.2 Sistema de control interno empregado na entidade.....	54
IX.2.1.3 Incumprimentos.....	57
X. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS XERAIS	57
X.1. CONCLUSIÓNS XERAIS.....	57
X.2. RECOMENDACIÓNS XERAIS	60
ANEXOS	63

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Ámbito subxectivo. Concellos tramo 3.....	12
Cadro 2: Situación xeral . Concellos da provincia de Lugo.....	24
Cadro 3: Grao cumprimento obriga de remisión derivada do art. 218.3 do TRLRFL.....	25
Cadro 4: Grao de cumprimento da remisión documentación art.218.3 do TRLRFL. Evolución.....	26
Cadro 5: Grao cumprimento remisión cuestionario de control interno.....	27
Cadro 6: Clasificación dos reparos por modalidade de gasto.....	27
Cadro 7: Clasificación motivos suspensión tramitación de expediente.....	28
Cadro 8: Clasificación dos incumprimentos en materia de contratación.....	28
Cadro 9: Situación xeral órganos de control interno.....	30
Cadro 10: Alcance función interventora.....	30
Cadro 11: Dereitos recoñecidos recursos propios/recursos ordinarios.....	31
Cadro 12: Control conta 413. Exercicios 2015 e 2016.....	33
Cadro 13: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos. Concello Monforte de Lemos.....	38
Cadro 14: Resolucións e acordos contrarios aos reparos. Concello Monforte de Lemos.....	39
Cadro 15: Contido dos acordos ou resolucións contrarios aos reparos. Concello Monforte de Lemos.....	40
Cadro 16: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos . Concello de Sarria.....	45
Cadro 17: Resolucións e acordos contrarios aos reparos. Concello de Sarria.....	46
Cadro 18: Contido dos acordos ou resolucións contrarios aos reparos . Concello de Sarria.....	47
Cadro 19: Expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concello de Sarria.....	48
Cadro 20: Anomalías ingresos de importe superior a 50.000 euros. Concello de Sarria.....	48
Cadro 21: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos. Concello de Viveiro.....	52
Cadro 22: Expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concello de Viveiro.....	53
Cadro 23: Descrición de expedientes con omisión de fiscalización previa. Concello de Viveiro.....	53

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Grao cumprimento obriga de remisión derivada do art.218.3 do TRLRFL.	25
Gráfico 2: Evolución grao de cumprimento da obriga de remisión derivada do art. 218.3 do TRLRFL. Exercicios 2014, 2015 e 2016.	26
Gráfico 3: Clasificación dos reparos por modalidade de gasto	27
Gráfico 4: Clasificación dos incumprimentos en materia de contratación.	29
Gráfico 5: Clasificación dos incumprimentos dos acordos e resolucións contrarios a reparos. Concello Monforte de Lemos	39
Gráfico 6: Clasificación dos incumprimentos dos acordos e resolucións contrarios a reparos. Concello de Sarria.....	46

INDICE DE ANEXOS

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	65
CONCELLO DE SARRIA	77
CONCELLO DE VIVEIRO	93
CONCELLO DE VILALBA.....	103

ABREVIATURAS

CE: Constitución española

LRBRL: Lei reguladora das bases de réxime local

LRXAPPAC: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

LXT: Lei xeral tributaria

LXO: Lei xeral orzamentaria

TRLRFL: Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

TRLCSP: Texto refundido da lei de contratos do sector público

LRSAL: Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local

EBEP: Estatuto básico do empregado público

LOXE: Lei de orzamentos xerais do estado

LGS: Lei xeral de subvencións

LSG: Lei de subvencións de Galicia

EAG: Estatuto de Autonomía de Galicia

LALG: Lei de administración local de Galicia

LOXCAG: Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

LOTG: Lei orgánica do Tribunal de Cuentas.

LFTC: Lei de Funcionamento do Tribunal de Cuentas.

LCCG: Lei do Consello de Contas de Galicia

REC: Recoñecementos extraxudiciais de crédito

RD 424/2017: Regulamento do réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local.

RD 128/2018: Regulamento do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión celebrada o 20 de decembro de 2017, aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2018. Entre as actividades previstas na Área de Corporacións Locais figura a realización de informes de fiscalización relativos ás resolucións e acordos contrarios aos reparos, expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa e anomalías en materia de ingresos remitidas polo órgano de intervención das entidades locais de tamaño poboacional de 10.001 a 20.000 habitantes.

II. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (LRSAL), modificou diversas normas reguladoras da organización, a xestión e o control do sector público local, e máis en particular, o artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLRFL). Trala súa reforma, o número 3 deste artigo establece a obriga para os órganos de Intervención das entidades locais de remitir ao Tribunal de Cuentas os acordos e resolucións adoptados polo órgano competente das devanditas entidades nos que concorran posibles irregularidades ou deficiencias postas de manifesto no exercicio da función interventora e que desen lugar ao oportuno reparo, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Esta obriga de remisión ten que cumprimentarse dende o exercicio 2014.

Para facer efectivo o cumprimento deste deber ditouse a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, aprobada polo Pleno do Tribunal de Cuentas do 30 de xuño de 2015, e a instrución relativa ao artigo 218.3 do TRLRFL, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, aprobada por acordo do Pleno do Consello de Contas do 27 de xaneiro de 2016. Segundo dispoñen as citadas instrucións, a información a remitir é a seguinte:

- Información xeral relativa ao funcionamento do control interno da entidade.
- Información de cada un dos acordos e resolucións adoptados en contra de reparos interpostos pola intervención local, acompañada no seu caso de copia dos acordos e informes emitidos.
- Información sobre os expedientes administrativos de gastos ou acordos tramitados ao marxe do procedemento e con omisión do trámite de fiscalización previa, fosen ou non instrumentados

mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, acompañada no seu caso polos acordos e informes emitidos.

- Información relativa ás principais anomalías en materia de ingresos.

A remisión desta información debe realizarse a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais.

O prazo máximo para a remisión da información relativa ao exercicio 2016 estableceuse antes do 30 de abril do exercicio 2017.

O **ámbito subxectivo** da fiscalización está constituído polas entidades locais de tamaño poboacional de 10.001 a 20.000 habitantes sometidas a control interno baixo a modalidade de fiscalización previa, o que inclúe aos concellos e ás súas entidades dependentes (organismos autónomos e consorcios). A efectos prácticos, procedeuse a agrupar por provincias a todas entidades locais deste tramo 3, dando lugar a informes de fiscalización independentes, se ben os seus resultados analizaráanse posteriormente nun informe agregado que comprenda a todas as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo da fiscalización.

Cadro 1: Ámbito subxectivo. Concellos tramo 3.

PROVINCIA	ENTIDADE	TIPO
A Coruña	A Laracha - P1504200E	Concello
A Coruña	As Pontes de García Rodríguez - P1507100D	Concello
A Coruña	Betanzos - P1500900D	Concello
A Coruña	Boiro - P1501100J	Concello
A Coruña	Fene - P1503600G	Concello
A Coruña	Noia - P1505800A	Concello
A Coruña	Ordes - P1506000G	Concello
A Coruña	Rianxo - P1507300J	Concello
A Coruña	Sada - P1507600C	Concello
A Coruña	Teo - P1508300I	Concello
Lugo	Monforte de Lemos - P2703100D	Concello
		Organismo autónomo
Lugo	Sarria - P2705700I	Concello
		Organismo autónomo
Lugo	Vilalba - P2706500B	Concello
Lugo	Viveiro - P2706700H	Concello
Ourense	Barbadás - P3200900C	Concello
Ourense	O Barco de Valdeorras - P3201000A	Concello
Ourense	O Carballiño - P3202000J	Concello
Ourense	Verín - P3208600A	Concello

PROVINCIA	ENTIDADE	TIPO
Ourense	Xinzo de Limia - P3203300C	Concello
Pontevedra	A Guarda - P3602300J	Concello
		Organismo autónomo
Pontevedra	Baiona - P3600300B	Concello
Pontevedra	Bueu - P3600400J	Concello
Pontevedra	Cambados - P3600600E	Concello
Pontevedra	Gondomar - P3602100D	Concello
Pontevedra	Moaña - P3602900G	Concello
		Organismo autónomo
Pontevedra	Mos - P3603300I	Concello
Pontevedra	Nigrán - P3603500D	Concello
Pontevedra	O Grove - P3602200B	Concello
Pontevedra	O Porriño - P3603900F	Concello
		Consortio
Pontevedra	Poio - P3604100B	Concello
Pontevedra	Sanxenxo - P3605100A	Concello
		Organismo autónomo
Pontevedra	Tomiño - P3605400E	Concello
Pontevedra	Tui - P3605500B	Concello
Pontevedra	Vilanova de Arousa - P3606100J	Concello

O **ámbito obxectivo** está formado pola información e documentación remitida polos órganos de intervención das entidades locais sobre os acordos contrarios a reparos, os expedientes acordados con omisión de fiscalización previa e as anomalías en materia de ingresos. Deles seleccionáronse como mostra todos os de importe superior a 50.000 euros.

O **ámbito temporal** abarca o exercicio 2016.

III. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

Os obxectivos específicos desta fiscalización consisten en:

- Obter información sobre a situación dos órganos de control interno: persoal do que dispoñen e función de control desenvolvida.
- Verificar o cumprimento da obriga de remitir a información sobre os acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, os expedientes con omisión de fiscalización previa e as principais anomalías de ingresos das entidades locais comprendidas no ámbito territorial.
- Determinar as situacións e causas concretas que deron lugar a acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, a expedientes con omisión de fiscalización previa e ás principais

anomalías de ingresos.

- Identificar as áreas de maior risco na xestión das entidades locais que resulte da información remitida polos órganos de Intervención.

Xa que logo, trátase da análise cualitativa e cuantitativa dos tipos de operacións, situacións e causas que dan orixe aos acordos contrarios a reparos e á tramitación de expedientes con omisión de fiscalización previa.

IV. NORMATIVA LEGAL

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311, do 29 de decembro).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril, rectificada no BOE nº 139, do 11 de xuño), e sucesivas modificacións, entre outras a Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 7/1985.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro de 1992).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE nº236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015).
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local (BOE nº 113, do 12 de maio de 2017).
- Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial (BOE nº 106, do 4 de maio). (Derrogado desde o 2 de outubro de 2016).
- Circular 3/1996, do 30 de abril de 1996, da Intervención xeral da administración do estado, pola que se ditan instrucións sobre o exercicio da función interventora.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria (BOE do 18 de decembro de 2003).
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro do 2003).

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (BOE nº 59, do 9 de marzo; corrección de erros no BOE nº 63, do 13 de marzo).
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (BOE nº 261, do 31 do outubro de 2015).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (DOG nº 82, do 4 de maio de 2015).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276, do 16 de novembro).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE nº 312, do 30 de decembro).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295, do 10 de decembro de 2013).
- Estatuto de Autonomía de Galicia, (DOG nº 101, do 1 de outubro de 1981).
- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción (DOG nº 164, do 28 de agosto de 2015).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007).
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE nº 121, do 21 de maio).
- Lei 7/1988, do 5 de abril, do funcionamento do Tribunal de Cuentas (BOE nº 84, do 7 de abril).
- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable das facturas no sector público (BOE nº 311, do 28 de decembro).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (BOE nº 67, do 17 de marzo).
- Real decreto 424/ 2107 polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local (BOE nº 113, do 12 de maio).
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº272, do 9 de novembro).

V. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

O Concello de Vilalba incumpriu a obriga de remitir a información a que fai referencia o artigo 218.3 do TRLRFL, cuxo prazo de remisión finalizou o 30 de abril de 2017, sendo posteriormente requiridos a este fin en data 11 de maio de 2017. Esta circunstancia foi posta de manifesto á entidade no oficio de comunicación de inicio da fiscalización remitido o día 17 de novembro de 2017 e nun ulterior requirimento feito o 9 de abril de 2018.

Non obstante, o Concello de Vilalba si cumprimentou o cuestionario de control interno que o Consello de Contas lle solicitou que enchese no marco desta fiscalización.

VI. DESENVOLVEMENTO DA FISCALIZACIÓN

A fiscalización aborda para cada unha das entidades os seguintes aspectos:

- Análise do control interno da entidade. Efectúase unha análise do control interno da entidade, a través dun cuestionario que o órgano de intervención debe encher e remitir ao Consello de Contas.
- Parte xeral: situación da entidade. Realízase unha análise dos datos recibidos na Plataforma de rendición de contas das entidades locais a través dos órganos de Intervención local, tales como o número total de acordos adoptados en contra dos reparos e do seu importe, o número de expedientes concluídos con omisión de fiscalización previa e o seu importe, o tipo de expediente e a fase de gasto reparada.
- Parte específica. Análise de expedientes de contía superior a 50.000 euros. Esténdese a todos os acordos contrarios a reparos e expedientes con omisión de fiscalización previa e as anomalías en materia de ingresos por importe superior a 50.000 euros, que se refiran ás entidades locais que constitúen o ámbito subxectivo da fiscalización, isto é, entidades locais de tamaño poboacional de 10.001 a 20.000 habitantes (incluíndo aos organismos autónomos e consorcios dependentes).

VII. CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

VII.1. O CONTROL INTERNO

A Resolución de 15 de Outubro de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se publican as Normas Técnicas de Auditoría, define o control interno como aquel proceso deseñado, implementado e mantido polos responsables de goberno da entidade, a dirección e outro persoal, coa finalidade de proporcionar unha seguridade razoable sobre a consecución dos obxectivos da entidade relativos á fiabilidade da información financeira, a eficacia e eficiencia das operacións, así como sobre o cumprimento das disposicións legais e regulamentarias aplicables.

No ámbito das entidades locais, o artigo 213 do TRLRFL define o control interno como aquel que exercerán as entidades locais respecto da súa xestión económica, dos organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

Dito control execútase polo órgano interventor a través de tres modalidades: a función interventora, o control financeiro e o control de eficacia.

O artigo 214.1 do TRLRFL establece que "A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar o recoñecemento ou liquidación de dereitos ou obrigas ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que deles se deriven e a recadación, investimento e aplicación en xeral dos caudais públicos administrados co fin de que a xestión se axuste ás disposicións vixentes. O seu exercicio comprenderá:

- a) A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos u obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- b) A intervención formal da ordenación do pago.
- c) A intervención material do pago.
- d) A intervención e comprobación material das investimentos e da aplicación das subvencións".

En atención á súa intensidade, a función interventora practícase ordinariamente de forma plena ou alternativamente na súa modalidade limitada previa.

Enténdese por fiscalización previa a facultade que compete ao órgano interventor de examinar, antes de que se dite a correspondente resolución, todo acto, documento ou expediente susceptible de producir efectos ou obrigas de contido económico ou movementos de fondos ou valores, coa finalidade de asegurar segundo o procedemento legalmente establecido, a súa conformidade coas disposicións aplicables en cada caso.

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos da entidade local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento normativo e o seu axuste aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se adecúa aos principios de eficacia, eficiencia, economía, transparencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta modalidade de control realízase mediante o control permanente e a auditoría pública.

Doutra parte, o control de eficacia terá por obxecto a comprobación periódica do grao de cumprimento dos obxectivos, así como a análise do custe de funcionamento e do rendemento dos respectivos servizos ou inversións.



Á data da elaboración do presente informe tivo lugar a entrada en vigor do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico de control interno das entidades do sector Público Local, normas que contribúen a cubrir o baleiro legal existente en materia de control interno no ámbito das entidades locais, desenvolvendo regulamentariamente as formas do exercicio do control financeiro da actividade económico financeira.

Aínda que a normativa que acabamos de mencionar non resulta de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización, debe terse en conta que, á luz da norma ISSA-ES 400 relativa aos principios fundamentais de fiscalización de cumprimento, neste informe realízase un estudo do control interno exercido tendo en conta non só a lexislación vixente para o exercicio obxecto de fiscalización, senón tamén o desenvolvemento do marco normativo de control interno, co fin de realizar recomendacións construtivas e prácticas para mellorar os procedementos aos que se refire a anterior norma técnica de auditoría.

VII.2. ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS

No ámbito da administración local, o TRLRFL establece un control previo de legalidade, denominado función interventora, co obxecto de garantir que a actuación administrativa se axusta ao procedemento legalmente establecido e ás disposicións reguladoras da administración e xestión de fondos públicos. Convén ter presente que aínda que o Real decreto 424/2017 tivo a súa entrada en vigor o 1 de xullo de 2018 a súa regulación non resulta aplicable ao presente informe.

Atendendo á normativa vixente no exercicio 2016, a función interventora exerceuse con carácter previo sobre todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores. Nos casos en que, no exercicio desta función, o órgano interventor se manifeste en desacordo co fondo ou forma do acto, documento ou expediente examinado debe formular, de forma motivada, un reparo por escrito. Este reparo terá carácter suspensivo nos supostos que recolle o artigo 216.2 TRLRFL: se o gasto é proposto por un órgano incompetente; cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou cando se omitan requisitos ou trámites esenciais que puidesen dar lugar á nulidade do acto.

Á vista desta circunstancia, o órgano xestor pode aceptar o reparo e ou ben desistir da tramitación do expediente, ou ben emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor. No caso en que non estea de acordo co reparo, o órgano xestor exporá unha discrepancia ao Presidente da entidade local ou ao Pleno, naqueles casos en que o reparo se basee na insuficiencia de crédito ou se refira a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa

competencia.

A discrepancia debe formularse por escrito, recollendo unha motivación suficiente que ha de incluír a cita dos preceptos legais nos que o órgano xestor sustenta o seu criterio. Resolta a discrepancia, continúa a tramitación do expediente, deixando constancia que se adecúa ao criterio fixado na resolución correspondente ou ben da motivación que xustifique a non aplicación do criterio establecido polo órgano de control. Debe terse en conta que as opinións do órgano de control non prevalecen sobre as do órgano xestor.

Ademais, o órgano de control debe elevar ao Pleno un informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente contrarias aos reparos efectuados, así como remitir anualmente ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente e o Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, tal e como establece o artigo 218.3 TRLRFL.

Polo tanto, un acordo contrario a reparo é consecuencia dunha discrepancia producida por un reparo interposto polo órgano de intervención no exercicio da fiscalización previa á adopción ou aprobación do acto administrativo. O expediente deberá ser rexistrado como “acordo contrario a reparo”.

VII.3. EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

A omisión da función interventora ten lugar cando o órgano xestor aproba un acto de contido económico sen o concurso previo dun informe de intervención favorable, sendo a fiscalización preceptiva.

A irregularidade derivada da omisión da función interventora, de acordo coa doutrina e xurisprudencia maioritaria, carrega a anulabilidade do acto e non a súa nulidade radical. Pero, segundo o artigo 156 LXO, o acordo polo que se aproba o acto unicamente emenda ou valida a omisión do trámite de fiscalización, sen alcanzar ao resto de irregularidades, que deberán emendarse conforme ao establecido na LXPAC ou TRLCSP; aínda que nada impide, en aplicación do artigo 67 LXPAC (na actualidade artigo 52 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas), que tamén se saneen os vicios causantes de anulabilidade do acto.

Xa que logo, o principal problema que se deriva da omisión da función interventora é que os actos aprobados con omisión de fiscalización poden levar aparellada a comisión doutras irregularidades administrativas, que afecten á validez e eficacia dos actos administrativos adoptados, en especial cando a función interventora se omite na fase de fiscalización previa.



No ámbito local nin o TRLRFL nin o RD 500/1990 teñen previsto o procedemento a seguir no caso da omisión da función interventora, se ben pode aplicarse supletoriamente o procedemento previsto na LXO para o sector público estatal. Como xa se sinalou anteriormente, á data de presentación deste informe está vixente o Real decreto 424/2017, pero non é aplicable ao contido que se recolle mesmo. O novo regulamento de control interno establece no seu artigo 28 o procedemento a seguir no caso de que se teña producido a omisión da función interventora.

Así pois, atendendo ás normas vixentes no ano 2016, e de acordo coas disposicións supletorias, o procedemento de emenda (validación) iníciase cun informe do órgano de Intervención, no que porá de manifesto as infraccións ao ordenamento xurídico, as prestacións que se realizaron, a existencia de crédito adecuado e suficiente, así como a posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico. A IGAE ten regulado na súa Circular 3/1996 que a procedencia desta revisión será apreciada polo interventor atendendo a datos tales como se foron realizadas ou non as prestacións (a falta de prestacións impide o enriquecemento inxusto), o carácter daquelas e a súa valoración (se se realizaron de boa fe e a prezos de mercado), así como os incumprimentos legais que se produciron. Dado que o artigo 67 LXPAC (na actualidade artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), impide a convalidación dos actos nulos de pleno dereito, o resultado da revisión deste tipo de actos materialízase pola vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, ao terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor; por razóns de economía procesual, só será pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de tales indemnizacións vaia ser inferior ao que se propón.

En canto ao órgano competente para a adopción de expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa, cabe recordar que no ámbito da Administración Local esta materia carecía de regulación no exercicio 2016; circunstancia que daba pé a que se producira certa disparidade nos procedementos que utilizaban as entidades locais. Así, aquelas entidades nas que estes expedientes se tramitaban utilizando o procedemento que a LXO regula para a Administración xeral do estado (artigo 156) adoitaban entender competente ao Pleno, ou, en materia de contratación, naquelas entidades nas que teña esta competencia, á Xunta de Goberno.

Outras entidades, polo contrario, empregaban outros procedementos, desenvolvidos ou non nas súas bases reguladoras, nos que establecían o órgano titular da competencia para adoptar estes acordos -que nalgúns casos denominan "convalidación"- nos que se decidía continuar ou concluír o procedemento de gasto aínda existindo omisión de fiscalización previa.

Na actualidade debe entenderse superada esta disparidade de solucións, dado que o artigo 28 do RD 424/2017 regula expresamente o procedemento e o órgano competente para tramitar os

expedientes con omisión de fiscalización previa nos seguintes termos:

"(...) 1. Nos supostos nos que, segundo o disposto neste Regulamento, a función interventora fose preceptiva e se tivera omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no presente artigo.

2. Se o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciou aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, a fin de que, unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir se continúa o procedemento ou non e as demais actuacións que no seu caso procedan. Nos casos en que a omisión da fiscalización previa se refira ás obrigas ou gastos cuxa competencia sexa do Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter á decisión do Pleno se continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan. Este informe, que non terá natureza de fiscalización, incluírase na relación referida nos apartados 6 e 7 do artigo 15 deste Regulamento e poñerá de manifesto como mínimo os seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, polo menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e o exercicio económico ao que se imputa.

b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, se produciron no momento en que se adoptou o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.

c) Constancia de que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materialízase acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obriga ao seu cargo,

polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

3. Nos municipios de gran poboación corresponderá ao órgano titular do departamento ou da concellería de área á que pertenza o órgano responsable da tramitación do expediente ou ao que estea adscrito o organismo autónomo, sen que dita competencia poida ser obxecto de delegación, acordar, no seu caso, o sometemento do asunto á xunta de goberno local para que adopte a resolución procedente.

4. O acordo favorable do presidente, do pleno ou da xunta de goberno local non eximirá da existencia de responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar”.

VII.4. NORMATIVA EN MATERIA DE RESPONSABILIDADES

VII.4.1. RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

VII.4.2. RESPONSABILIDADE ESPECÍFICA DOS ÓRGANOS DE INTERVENCIÓN

O artigo 218 do TRLRFL, logo da modificación introducida pola LRSAL, establece no apartado III a obriga dos órganos de intervención das entidades locais de remitir anualmente o Tribunal de Cuentas todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo Pleno da corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Engade a maiores o mesmo artigo que, á citada documentación deberán de acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola corporación local. Esta obriga debe ser cumprida dende o exercicio 2014.

Co obxecto de establecer a forma, o alcance e o procedemento para facer efectivo o cumprimento desta obriga, procedeuse a aprobar polo Tribunal de Cuentas, por acordo do seu pleno de 30 de xuño de 2015, a *“Instrución que regula a remisión telemática da información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa”* e polo Consello de Contas, por acordo do seu pleno do 27 de xaneiro de 2016, a *“Instrución relativa o artigo 218.3 TRLRFL, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do*

trámite de fiscalización previa". De conformidade con estas Instrucións, a información a remitir a Tribunal de Contas é a seguinte:

- Información xeral relativa ao funcionamento do control interno da entidade local, así como a cuestións concretas vinculadas ao exercicio do dito control.
- Información de cada un dos acordos e resolucións adoptados en contra dos reparos interpostos pola intervención local, acompañados no seu caso, de copia dos acordos e informes emitidos¹.
- Información sobre os expedientes administrativos de gastos e acordos tramitados ao marxe do procedemento e con omisión de fiscalización previa, fosen ou non instrumentados mediante expedientes extraxudiciais de crédito, acompañados, no seu caso, dos acordos e informes emitidos².

A remisión de toda a información exposta debe realizarse por procedemento telemático a través dun módulo específico situado na Plataforma de rendición de contas das entidades locais chamado "Módulo reparos". Sinálase o 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran os acordos como data límite para proceder ao envío da documentación requirida.

VII.4.3. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é a de expresar unha conclusión de auditoría financeira e de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en cada unha das áreas obxecto de fiscalización, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre toda a información e documentación solicitada polo Consello no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

¹ No caso de que o importe supere os 50.000 euros, débese xuntar copia dos seguintes documentos: acordos do pleno ou da xunta de goberno local ou do presidente da entidade local nos que se resolva continuar coa tramitación dos expedientes de gastos en contra do criterio expresado no reparo do interventor; informe xustificativos que motiven o acordo ou resolución do pleno, da xunta de goberno local ou do presidente da entidade local; no seu caso, informe do órgano de tutela financeira e por último, informe ou nota de intervención na que se formula o reparo.

² No caso de que o importe supere os 50.000 euros, débese xuntar copia dos seguintes documentos: acordos do pleno ou da xunta de goberno local ou do presidente da entidade local na que se acorde a realización do gasto; informe do órgano interventor e informe xustificativo do órgano xestor do gasto.

VIII. SITUACIÓN XERAL DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE LUGO

VIII.1 SITUACIÓN XERAL RELATIVA A ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN E ANOMALÍAS.

Da análise previa da información remitida a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, resulta que as entidades da provincia de Lugo comprendidas no ámbito do informe presentan a seguinte situación:

Cadro 2: Situación xeral . Entidades da provincia de Lugo.

ENTIDADE PRINCIPAL	TIPO	ENTIDADE	REPAROS		OMISIÓN		ANOMALIAS	
			Nº	(+) 50.000	Nº	(+) 50.000	Nº	(+) 50.000
Monforte de Lemos - P2703100D	Concello	Monforte de Lemos - P2703100D	27	7	Certificación negativa	Certificación negativa	2	0
	Organismo autónomo	Instituto Municipal Drogodependencias - Q7750007B	Certificación negativa	Certificación negativa	Certificación negativa	Certificación negativa	Certificación negativa	Certificación negativa
Sarria - P2705700I	Concello	Sarria - P2705700I	112	8	2	1	3	0
	Organismo autónomo	Nuestra Señora del Carmen - G27018878	19	1	2	0	3	1
Vilalba - P2706500B	Concello	Vilalba - P2706500B	Non remiten	Non remiten	Non remiten	Non remiten	Non remiten	Non remiten
Viveiro - P2706700H	Concello	Viveiro - P2706700H	3	0	17	4	Certificación negativa	Certificación negativa
TOTAL			161	16	21	5	8	1

De acordo coa información recollida no cadro anterior, do total das 3 entidades da mostra que cumpriron coa obriga de remitir a información obxecto deste informe relativa ao exercicio 2016, ningunha entidade principal presenta certificación negativa en materia de resolucións e acordos contrarios a reparos.

No relativo aos expedientes con omisión de fiscalización previa, presentan certificación negativa o Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo.

En materia de anomalías de ingresos, o Concello de Viveiro e o organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, dependente do concello de Monforte, certifican negativamente a tramitación de expedientes con anomalías.

Tan só o organismo autónomo, Instituto Municipal de Drogodependencias, dependente do concello de Monforte de Lemos, comunica certificación negativa nos tres apartados da mostra.

VIII.2 GRAO DE CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE REMISIÓN

De acordo co establecido no apartado 2 "Alcance da fiscalización" os suxeitos que no exercicio

fiscalizado teñen que cumprir coa obriga de remitir a información regulada nas Instrucións do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas de Galicia son os órganos de intervención dos catro concellos comprendidos no ámbito subxectivo da fiscalización.

Por outra banda, no marco desta fiscalización, procedeuse ao envío dun cuestionario de control interno, sendo tamén responsabilidade dos órganos de intervención encher e remitir o cuestionario novamente ao Consello de Contas.


O grao de cumprimento da obriga de remisión, agrupado por entidade recóllese no seguinte cadro:

Cadro 3: Grao de cumprimento da obriga de remisión derivada do art. 218.3 do TRLRFL.

ENTIDADE	TIPO	REMITEN		NON REMITEN
		EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO	
Monforte de Lemos - P2703100D	Concello	Si		
	Organismo autónomo			
Sarria - P2705700I	Concello	Si		
	Organismo autónomo			
Vilalba - P2706500B	Concello			Non remitiu á data de peche do informe.
Viveiro - P2706700H	Concello	Si		

No gráfico que figura a continuación obsérvase claramente que o cumprimento da obriga de remisión da información dos acordos contrarios a reparos adoptados prodúcese na maior parte dos casos dentro do prazo establecido.

Gráfico 1: Grao de cumprimento da obriga de remisión derivada do art.218.3 do TRLRFL.



A remisión por parte do titular do órgano de intervención das resolucións e acordos adoptados contrarios a reparos, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materias de ingresos, debe realizarse dende o exercicio 2014.


A evolución no grao de cumprimento da obriga da remisión da documentación a que fai referencia o art.218.3 refléxase no seguinte cadro:

Cadro 4: Grao de cumprimento da remisión documentación art.218.3 do TRLRFL. Evolución

ENTIDADE	TIPO	EXERCICIO 2014			EXERCICIO 2015			EXERCICIO 2016		
		REMITE		NON REMITE	REMITE		NON REMITE	REMITE		NON REMITE
		EN PRAZO	FÓRA PRAZO		EN PRAZO	FÓRA PRAZO		EN PRAZO	FÓRA PRAZO	
Monforte de Lemos- P2703100D	Concello		SI			SI		SI		
	Organismo autónomo		SI			SI		SI		
Sarria - P2705700I	Concello		SI			SI		SI		
	Organismo autónomo		SI			SI		SI		
Vilalba-P2706500B	Concello			Sen remitir na data de peche deste informe			Sen remitir na data de peche deste informe		Sen remitir na data de peche deste informe	
Viveiro-P2706700H	Concello	SI				SI		SI		

Destaca a reincidencia no incumprimento do Concello de Vilalba, que non atendeu a súa obriga de remisión en todos os exercicios. Os tres concellos restantes veñen remitindo regularmente a información requirida, observándose unha tendencia a cumprir a obriga dentro do prazo establecido, como reflexa o seguinte gráfico, que recolle a evolución no grao de cumprimento das entidades da mostra para os exercicios 2014, 2015 e 2016.

Gráfico 2: Evolución grao de cumprimento da obriga de remisión derivada do art. 218.3 do TRLRFL. Exercicios 2014, 2015 e 2016.



En xeral, obsérvase que se incrementa o número de entidades que remiten a documentación en prazo.

No relativo ao grao de cumprimento da remisión do cuestionario de control interno solicitado polo Consello de Contas, todos os concellos incluídos no ámbito subxectivo da mostra cumpriron co seu

deber no prazo establecido.

Cadro 5: Grao cumprimento remisión cuestionario de control interno.

ENTIDADE	TIPO	REMITEN
Monforte de Lemos - P2703100D	Concello	SI
Sarria - P2705700I	Concello	SI
Vilalba - P2706500B	Concello	SI
Viveiro - P2706700H	Concello	SI

VIII.3 ASPECTOS XERAIS SOBRE A INFORMACIÓN REMITIDA POLAS ENTIDADES


Entrando na análise da información da que se dispón a través da Plataforma de rendición de contas, procedeuse primeiramente a clasificar os acordos e resolucións adoptados en contra de reparos de importe superior a 50.000 euros segundo o tipo e modalidade de expediente no que se producen. Cabe indicar que a maior porcentaxe, atendendo ao seu importe, corresponde a expedientes de contratación (80,87%) seguidos, con menor relevancia, dos expedientes en materia de persoal (12,99%) e en terceiro lugar, os relativos aos expedientes de subvencións e axudas públicas (6,14%), tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 6: Clasificación dos reparos por modalidade de gasto.

ENTIDADE	Modalidade gasto					
	Expedientes contratación		Expedientes de subvencións e axudas públicas		Expedientes gastos de persoal	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Monforte de Lemos - P2703100D	7	631.207,06				
Sarria	4	1.872.306,95	1	190.160,12	4	402.175,58
TOTAL	11	2.503.514,01	1	190.160,12	4	402.175,58

Cabe recordar que o Concello de Vilalba non remitiu información á Plataforma de rendición de contas, así como indicar que o Concello de Viveiro non inclúe na súa documentación ningún expediente que polo seu importe forme parte da mostra deste informe.

Gráfico 3: Clasificación dos reparos por modalidade de gasto



Por outra banda, e atendendo á causa do reparo, obsérvase que o 100% dos mesmos, que representan un importe global 3.095.849,71 euros, teñen como motivo a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Cadro 7: Clasificación motivos suspensión tramitación de expediente

ENTIDADE	CAUSA REPARO					
	Insuficiencia de crédito ou orzamento non é o adecuado		Omisión no expediente dos requisitos ou trámites esenciais		Outras causas	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Monforte de Lemos - P2703100D			7	631.207,06		
Sarria - P2705700I			9	2.464.642,65		
TOTAL			16	3.095.849,71		

No gráfico seguinte obsérvase nitidamente como se concentra a causa dos reparos nos supostos de omisión dalgún requisito ou trámite esencial na tramitación do procedemento.

Os datos anteriores poñen de manifesto que a área de maior risco de xestión das entidades da mostra é a área de contratación administrativa e a causa de reparo máis común é a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.


Identificada a área de maior risco das entidades, seguidamente sinálanse as principais infraccións vinculadas aos expedientes de contratación:

Cadro 8: Clasificación dos incumprimentos en materia de contratación

ENTIDADE	INCUMPRIMENTOS NA CONTRATACION					
	Ausencia procedemento		Prestación fóra do período de vixencia contrato		Outros	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Monforte de Lemos - P2703100D	4	370.455,54	3	260.751,52		
Sarria - P2705700I	4	1.872.306,95				
TOTAL	8	2.242.762,49	3	260.751,52		

Obsérvase que o principal motivo de incumprimento é a realización de gastos prescindindo do procedemento legalmente establecido para a súa contratación, se ben procede diferenciar entre os casos de ausencia de procedemento-que supoñen o 89,58% sobre o importe total dos expedientes-, que responden principalmente a facturacións que se repiten reiterada e periodicamente, superando os límites e prazos dos contratos menores, daqueles outros supostos de prestacións realizadas fóra do período de vixencia do contrato (10,42%), que se corresponden con facturacións de servizos cuxos contratos iniciais xa finalizaron a súa vixencia e seguen a ser prestados polas empresas sen que se teña tramitado o preceptivo expediente de contratación.

Gráfico 4: Clasificación dos incumprimentos en materia de contratación.



VIII.4. SITUACIÓN XERAL RELATIVA AOS ÓRGANOS DE CONTROL INTERNO

Da análise da información que se recibiu dos órganos de intervención en resposta ao cuestionario de control interno que lles foi remitido polo Consello de Contas, xunto coa extraída das BEO correspondentes ao exercicio 2016, pódese concluír que a situación destas entidades é a seguinte:

PERSOAL E FUNCIÓN DE CONTROL DESENVOLVIDA

Para un correcto funcionamento do control interno é necesario que o departamento ou área de intervención conte cunha dotación suficiente de medios humanos, polo que se procedeu a análise deste aspecto. No seguinte cadro recóllese o número de traballadores adscritos ás unidades de Intervención dos concellos, diferenciando entre os funcionarios con categoría de habilitados nacionais (FHNE) e o resto de persoal, no que se inclúe tanto o persoal funcionario como laboral. Coa finalidade de establecer unha ratio comparativa entre entidades tómase o resultado de dividir as obrigas netas recoñecidas no exercicio entre o número de persoal.

Cadro 9: Situación xeral órganos de control interno.

ENTIDADE	Tipo	Persoal		Obrigas recoñecidas	Ratio
		FHNE	RESTO		
Monforte de Lemos - P2703100D	Concello	1	3	12.454.759,43	3.113.689,86
	Organismo Autónomo				
Sarria - P2705700I	Concello	1	3	8.799.802,47	2.199.950,62
	Organismo Autónomo				
Viveiro - P2706700H	Concello	1	5	13.197.637,12	2.639.527,42
Vilalba - P2706500B	Concello	1	1	11.011.470,09	5.505.735,05

Todas as entidades contan cun funcionario de habilitación nacional ocupando o posto de intervención, oscilando entre 1 e 5 o número de empregados públicos adscritos ao departamento. En resposta ao cuestionario remitido, só os titulares do órgano de intervención dos concellos de Sarria e Monforte de Lemos consideran a estrutura organizativa axeitada.

O importe medio de gasto fiscalizado por empregado, en termos de obrigas recoñecidas netas é de 2.841.479,32 euros/traballador. No 50% dos concellos o volume de gasto fiscalizado sitúase por riba da media.

Finalmente, convén subliñar que corresponde á Intervención das Entidades locais a levanza e o desenvolvemento da contabilidade financeira e o seguimento, en termos financeiros, da execución dos orzamentos, de acordo co artigo 204 do TRLRHL. Nos municipios de gran poboación a Lei 53/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, regula a separación das funcións de contabilidade e de fiscalización, pero no resto dos Concellos ambas funcións son competencia da intervención municipal.

SITUACIÓN XERAL RELATIVA Á FUNCIÓN DE CONTROL INTERNO.

No seguinte cadro reflíctese o alcance da función interventora das entidades que cumpriron a obriga da remisión do cuestionario de control interno.

Cadro 10: Alcance función interventora.

Nome CIF	Tipo	Fiscalización limitada (art.219.2 TRLFL)	Fiscalización plena posterior (art.219.3 TRFL)	Fiscalización plena previa dereitos	Actuacións comprobatorias posteriores	Plan de control financeiro
Monforte de Lemos - P2703100D	Concello	Si	Non	Non	Non	Non
Sarria - P2705700I	Concello	Non	N/A*	Non	Non	Non
Viveiro - P2706700H	Concello	Si	Si	Non	Non	Non
Vilalba - P2706500B	Concello	Non	N/A*	Non	Non	Non

(*) N/A: Non aplicable ao realizarse a fiscalización previa en réxime de fiscalización plena.

En relación coa fiscalización do gasto, o 50% dos concellos teñen regulada a fiscalización limitada

previa prevista no artigo 219.2 do TRLFL, se ben o 50% deles incumpre a obriga establecida no artigo 219.3 do TRLFL de realizar outra fiscalización plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización previa, mediante a aplicación das técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grado de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

En relación coa fiscalización de ingresos, a totalidade dos concellos substitúen a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade; ademais, ningún deles realiza o control a *posteriori*, incumprindo a obriga de efectuar actuacións comprobatorias posteriores mediante as técnicas de mostraxe e auditoría, tal e como establece o artigo 219.4 do TRLFL. A omisión de fiscalización ten especial relevancia para os recursos propios da entidade, por canto a tramitación administrativa municipal comprende dende a imposición ata a recadación municipal (salvo no suposto de delegación). Seguidamente refléxase a relación ou peso dos recursos propios da entidade e os recursos ordinarios da mesma.

Cadro 11: Dereitos recoñecidos recursos propios/recursos ordinarios.

ENTIDADE	Dereitos recoñecidos recursos propios	Dereitos recoñecidos recursos ordinarios	Ratio de recursos propios/de recursos ordinarios
Monforte de Lemos - P2703100D	7.482.316,68	12.972.041,42	57,68%
Sarria - P2705700I	5.154.637,75	9.116.761,67	56,54%
Viveiro - P2706700H	8.335.108,92	13.134.858,53	63,46%
Vilalba - P2706500B	6.409.350,02	11.707.904,99	54,74%

Dos datos anteriores resulta que os dereitos recoñecidos por recursos propios das entidades - capítulo I a III- representan de media un 58,34% dos dereitos recoñecidos por ingresos correntes, o que pon de manifesto un importante grado de dependencia na materialización de ditos recursos para o funcionamento ordinario da entidade. Malia esta circunstancia, a fiscalización límitase na maior parte das entidades á toma de razón do dereito, evidenciando que un dos puntos débiles no exercicio da función interventora é a fiscalización dos ingresos.

A media dos dereitos recoñecidos por recursos propios en relación cos dereitos recoñecidos por recursos ordinarios dos concellos da mostra analizada anteriormente -58,34%- sitúase por debaixo da media para os concellos galegos do tramo de poboación comprendido entre 10.001 e 20.000 habitantes, que se sitúa en torno ao 60%.

En canto ao control financeiro, ningunha das entidades analizadas ten aprobado o Plan de control financeiro. Cómpre recordar que na data de elaboración do presente informe ten entrado en vigor o xa citado RD 474/2015, que establece a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación de control financeiro mediante o sinalado Plan anual de control financeiro, que deberá

elaborar o órgano interventor sobre a base dunha análise de riscos e remitilo ao Pleno para os efectos informativos.

OUTROS DATOS DO CONTROL INTERNO

Así mesmo, da análise da información contida no cuestionario de control interno, resultan os seguintes datos de interese:

- O 50% dos titulares de Intervención consideran que a estrutura organizativa non é axeitada en relación ao tamaño, actividade e complexidade da entidade.
- Todos os concellos regulan o control interno exclusivamente a través das bases de execución do orzamento. Ningún deles ten aprobado un manual de procedemento relacionado co control interno.
- A totalidade dos órganos de Intervención manifestan que non teñen acceso á documentación que teñen que fiscalizar en prazo suficiente (dez días). Para a determinación dun prazo que se poida estimar suficiente, e tendo en conta a falta de regulación expresa no ámbito local para o exercicio obxecto de fiscalización, tense tomado como referencia o prazo establecido no artigo 13 do Real decreto 2188/1995, de 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, así como o establecido no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, sinalado en ambas normas en dez días. En todo caso, trala entrada en vigor do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local, o dito prazo de fiscalización tamén queda sinalado expresamente no ámbito local no mesmo prazo de dez días hábiles.
- No relativo a xestión de facturas, a totalidade dos concellos anotan as facturas recibidas no rexistro de facturas e remiten as mesmas ao órgano responsable da obriga económica. Sen embargo, no 100% dos casos incúmprese a obriga de incorporar as mesmas ao informe trimestral de morosidade, así como a obriga regulada no artigo 10.1 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica, que dispón que transcorrido un mes desde a anotación no rexistro da factura ou documento xustificativo sen que o órgano xestor procedera a tramitar o oportuno expediente de recoñecemento da obriga, derivado da aprobación da respectiva certificación da obra ou acto administrativo de conformidade coa prestación realizada, a Intervención ou órgano da Entidade local que teña atribuída a función de contabilidade requirirá a dito órgano xestor para que xustifique por escrito a falta de tramitación de dito expediente.
- No relativo a xestión de tesourería, tan só o 50% dispoñen dun plan de disposición de fondos de tesourería e respectan a orde de prelación na emisión das ordenes de pago. No 100% das entidades realízase control sobre a aplicación das cantidades percibidas polos perceptores de pagos

a xustificar no prazo máximo de tres meses (art. 190.2 TRLRFL).

- A totalidade dos concellos realiza un control sobre a conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”, que recolle as obrigas derivadas de gastos realizados en bens e servizos para os que, sendo procedente, non se realizou a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto das que aínda non se ditou o acto formal de recoñecemento e liquidación, pero que se derivan de bens e servizos que xa foron efectivamente recibidos pola entidade.

Dito dato, baixo o principio de importancia relativa, debe ser analizado tendo en conta o saldo da conta 413 nos exercicios 2015 e 2016, que responde aos datos reflexados no seguinte cadro:

Cadro 12: Control conta 413. Exercicios 2015 e 2016.

Nome CIF	Saldo conta 413		ORN 2016	Ratio (saldo conta 413 exercicio 2016/ORN 2016)	Control saldo conta 413
	2015	2016			
Monforte de Lemos - P2703100D	715.363,59	596.493,13	12.454.759,43	4,79%	Si
Sarria - P2705700I	1.402,25	625.895,71	8.799.802,47	7,11%	Si
Viveiro - P2706700H	791.021,56	761.264,56	13.197.637,12	5,77%	Si
Vilalba - P2706500B	345.103,57	345.103,57	11.011.470,09	3,13%	Si

A media do saldo da conta 413 das entidades de Galicia de tamaño poboacional comprendido entre 10.001 a 20.000 habitantes sitúase en torno a 298.119 euros, mentres que a media nacional situase en torno a 333.624 euros. Así, resulta que o importe das operacións pendentes de aplicar ao orzamento no exercicio 2016 dos concellos da mostra analizada sitúase por encima tanto da media galega como da nacional.

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento a fin de exercicio, que se mantén ao longo do tempo, constitúe un incumprimento da normativa orzamentaria, por canto vulnera os principios orzamentarios de anualidade e temporalidade dos créditos, así como os principios contables de rexistro, prudencia e devindicación. Esta circunstancia dáse nos catro concellos.

IX. ANÁLISE POR ENTIDADES

Neste epígrafe recóllense os datos máis salientables que se desprenden do conxunto da información remitida ou subministrada polas entidades incluídas no ámbito subxectivo deste informe, diferenciando aquelas que atenderon debidamente ás súas obrigas, daquelas outras que non remitiron o cuestionario de control interno ou das que non subministraron a información esixida polo artigo 218.3 TRLRFL, ou non deron cumprimento a ningún destes deberes ou obrigas.

IX.1. ENTIDADES QUE CUMPRIRON COA OBRIGA DE REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN E SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN AO CONSELLO DE CONTAS

IX.1.1. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O Concello de Monforte de Lemos remitiu a información prevista no artigo 218.3 do TRLRFL, correspondente ao exercicio 2016, o 01/02/2017; conseguintemente, dentro do prazo establecido.

A entidade tamén remitiu no prazo establecido a documentación adicional que se estimou necesaria para a realización desta fiscalización.

IX.1.1.1. SISTEMA DE CONTROL INTERNO EMPREGADO NA ENTIDADE

Do cuestionario de control interno remitido polo titular do órgano de Intervención, así como da información dispoñible na plataforma de rendición de contas, despréndese os seguintes datos:

ORGANIZACIÓN/DOTACIÓN DE PERSOAL DA UNIDADE DE INTERVENCIÓN

Segundo o organigrama da Entidade, o departamento/área de intervención estrutúrase nos seguintes postos: Interventora (FHCN ata o 30/4/2016), un técnico de administración xeral e dous auxiliares administrativos. O órgano de intervención considera suficiente a dotación de persoal asignada.

O volume medio de gasto fiscalizado por empregado nos concellos da provincia de Lugo obxecto de análise é de 2.841.479,32 euros. O Concello de Monforte de Lemos sitúase por encima de dita media, cunha ratio de volume fiscalizado por empregado adscrito ao departamento con funcións de fiscalización e control de 3.113.689,86 euros.

No tócate ao prazo de que dispón a intervención para analizar a documentación, o titular do órgano manifesta que non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa con prazo suficiente, isto é, cando menos de dez días.

CONTROL INTERNO

Función Interventora. Área de gastos

No relativo ao sistema de control interno implantado pola entidade, a súa regulación realízase exclusivamente a través das BEO, sen que exista ningún manual de procedemento relacionado coa área de control interno nin un procedemento específico para a tramitación dos expedientes de reparo.

En relación á intervención previa en materia de gastos, a entidade non realiza a fiscalización previa sobre a proposta de gasto e retención de crédito.

A base número 36 das BEO establece que a función interventora realízase polo sistema de fiscalización previa limitada para a proposta de gasto, con carácter xeral cos requisitos mínimos regulados no artigo 219.2 do TRLFRL, se ben amplíanse os aspectos obxecto de fiscalización para un importante número de gastos: gastos de persoal, propostas de contratación de persoal, prórroga de contratos laborais, proposta de aprobación de gasto e adjudicación de subvencións nominativas e de concisión directa, xustificación de obrigas derivadas de subvencións, proposta de indemnización de danos e perdas por responsabilidade de carácter extracontractual, contrato de obras en xeral, contratación conxunta de proxecto e obra, execución de obra pola administración, subministración en xeral, contratos de servizos, contratos patrimoniais, convenios de colaboración e expedientes de expropiación forzosa.

Os gastos obxecto de fiscalización previa limitada non son obxecto de outra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa de actos, documentos ou expedientes que deron orixe a referida fiscalización.

Consta regulado na BEO número 16 o órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos, diferenciando entre aquelas obrigas que contan con crédito suficiente no orzamento, onde o órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos é o alcalde, daquelas sen consignación orzamentaria, que requiren acordo plenario.

Xestión de facturas.

O procedemento de xestión de facturas atópase normalizado. Todas as facturas son anotadas no rexistro de facturas, tal e como dispón o artigo 9 da Lei 25/2013. Con posterioridade ao rexistro das mesmas, remítense ao órgano responsable da obriga económica. Non obstante, incúmprese a obriga de incorporar ao informe trimestral de morosidade aquelas facturas con respecto ás cales transcorrese máis de tres meses desde que fosen anotadas sen que se proceda a tramitar a obriga nin xustificar a ausencia da devandita tramitación.

Igualmente, incúmprese a obriga establecida no artigo 10 da Lei 25/2013 de realizar os requirimentos periódicos respecto ás facturas pendentes de recoñecemento da obriga.

O importe das obrigas pendentes de pagamento da entidade a data 31/12/2016 é de 772.367,86 euros, o que implica ó 6,20% sobre as obrigas netas totais recoñecidas no exercicio.

Control da conta 413 "acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento".

O órgano de control interno realiza control sobre a conta 413, acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. O saldo final da conta 413 é de 715.363,59 euros no exercicio 2015 e de 596.493,13 euros no exercicio 2016. O saldo da conta 413 para o exercicio 2016 representa un 4,79% sobre as obrigas recoñecidas netas.

En termos cuantitativos, dito saldo sitúase por encima do saldo medio da conta 413 das entidades de Galicia de tamaño poboacional comprendido entre 10.001 a 20.000 habitantes (298.119 euros), así como por riba da media nacional (333.624 euros).

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento e que se vén mantendo ao longo do tempo, como resulta do saldo das contas para o exercicio 2015 e 2016, constitúen un incumprimento da normativa orzamentaria, por canto vulnera os principios orzamentarios de anualidade e temporalidade dos créditos, así como os principios contables de rexistro, prudencia e devindicación.

Ordenación do pago.

A entidade ten aprobado un plan de disposición de fondos da tesourería. A prelación de pagos axústase a data de rexistro das facturas.

Finalmente, contrólase que os perceptores de pagos a xustificar xustifiquen a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses.

Función interventora. Control financeiro.

O Concello non ten establecido un plan de control financeiro, polo que non se efectuaron actuacións neste sentido.

A ausencia de control financeiro ten especial transcendencia na presente entidade, por canto o Concello de Sarria conta cun organismo autónomo, o Instituto Municipal Drogodependencias, cun orzamento de gastos de 275.000 euros.

Cómpre sinalar que se ben non resulta de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización, entrou en vigor o Decreto 474/2015, que establece a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación de control financeiro mediante o plan anual de control financeiro, que deberá elaborar o órgano interventor sobre a base dunha análise de riscos e remitilo ao Pleno a efectos informativos.

O Plan anual de control financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, ao menos, un control efectivo do oitenta por cen do orzamento xeral consolidado. No transcurso de tres exercicios consecutivos, deberá alcanzar o cen por cen de dito orzamento.

Función interventora. Área de ingresos.

A base número 36 das BEO substitúe a fiscalización previa dos ingresos pola toma de razón na contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxes e auditorías.

Segundo consta no cuestionario de control interno recibido, na xestión de ingresos non se levan a

cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou de auditoría. Ademais, tampouco teñen establecidos criterios para a contabilización dos ingresos.

En termos de dereitos recoñecidos, os recursos propios representan o 57,68% dos recursos ordinarios da entidade, situándose por debaixo da media galega para os concellos de igual tramo de poboación(60%).

OUTRAS CUESTIÓNS RELATIVAS AO SISTEMA DE CONTROL INTERNO

A base 36 das BEO establece que ao expediente de liquidación do contrato de obras, se unirá certificación ou acta de conformidade da recepción da obra ou, se é o caso, acta de comprobación á que se refire o artigo 168 do RXCAP. Non se regula a asistencia do órgano de intervención á comprobación material do investimento.

Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, IVE excluído; no mesmo sentido, a Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

Finalmente, non constan datos sobre a actividade da unidade interventora: número de informes emitidos, extremos que se comprobaban nos expedientes, diferenciando entre expedientes de contratación, de subvencións, de persoal e outros.

IX.1.1.2. RESULTADOS DA ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DA FISCALIZACIÓN E ANOMALÍAS DE INGRESOS

No seguinte cadro recóllense os acordos contrarios aos reparos adoptados polo concello de Monforte de Lemos, así como os expedientes con omisión de fiscalización previa concluídos e as anomalías de ingresos correspondentes ao exercicio 2016 e que foron comunicados pola intervención da entidade, diferenciando entre o importe total comunicado e o importe obxecto da mostra, fixado en importes superiores a 50.000 euros.

O Concello conta cun organismo autónomo, o Instituto Municipal de Drogodependencias, respecto do que consta certificación negativa no relativo á existencia de acordos e resolucións contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización previa e anomalías de ingresos.

Cadro 13: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos. Concello Monforte de Lemos

Entidade	2016 Total		2016 máis de 50.000€	
	Nº	Importe	Nº	Importe
Concello	27	1.234.381,33	7	631.207,06
OOAA	Certificación negativa		Certificación negativa	Certificación negativa
<i>Total Acordos e Resolucións</i>	27	1.234.381,33	7	631.207,06
Concello	Certificación negativa		Certificación negativa	
OOAA	Certificación negativa		Certificación negativa	
<i>Total Expedientes omisión fiscalización</i>	Certificación negativa		Certificación negativa	Certificación negativa
Concello	2	45.395,31		
OOAA	Certificación negativa		Certificación negativa	Certificación negativa
<i>Total Anomalías ingresos</i>	2	45.395,31		
TOTAL	29	1.279.776,64	7	631.207,06

A continuación, expóñense os resultados do traballo efectuado sobre os expedientes que forman parte da mostra.

ACORDOS E RESOLUCIÓNES CONTRARIOS A REPAROS FORMALIZADOS POLO ORGANO INTERVENTOR

No exercicio 2016 adóptanse 27 acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola intervención por un importe global de euros 1.234.381,33 dos que 7 superan a contía de 50.000 euros, por un importe global de 631.207,06 euros.

A primeira circunstancia a destacar é que os expedientes de gasto aos que se refiren os reparos incorporan varios negocios xurídicos, polo que, para os efectos da súa clasificación, tómase en consideración o negocio cuxa contía representa a maior proporción do importe total do expediente comunicado.


Cómpre sinalar, así mesmo, que o expediente número 5 inclúe facturas do exercicio 2015 que son aprobadas a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

No seguinte cadro móstranse os acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola Intervención no exercicio 2016 que superan a contía de 50.000 euros.

Cadro 14: Resolucións e acordos contrarios aos reparos. Concello Monforte de Lemos.

ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS A REPAROS				
Tipo de expediente	Número	Importe	%	Incumprimento
<i>EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN</i>	7	631.207,06	100,00%	
Contrato de servicios	3	279.574,71	44,29%	2.1.a. Ausencia procedemento de contratación.
	2	146.858,52	23,27%	2.2.a. Prestación fóra do período de vixencia contrato
Contrato de subministros	1	90.880,83	14,40%	2.1.a. Ausencia do procedemento de contratación
	1	113.893,00	18,04%	2.2.a Prestación fóra do período de vixencia do contrato.
TOTAL	7	631.207,06	100%	

Gráfico 5: Clasificación dos incumprimentos dos acordos e resolucións contrarios a reparos. Concello Monforte de Lemos



Os informes de reparo formulados polo órgano interventor teñen por obxecto as seguintes materias:

- Contratación administrativa nos 7 expedientes, do que 1 é tramitado pola vía do recoñecemento extraxudicial de crédito.

A fase de gasto reparada é en todos os expedientes a de recoñecemento da obriga.

O contido dos acordos ou resolucións reflíctese no seguinte cadro:

Cadro 15: Contido dos acordos ou resolucións contrarios aos reparos. Concello Monforte de Lemos

CONTIDO DOS ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS A REPAROS. CONCELLO MONFORTE DE LEMOS. EXERCICIO 2016		
Nº Expediente	IMPORTE	Contido do acordo ou resolución
4	90.880,83	Aprobación de facturas número 13/2016 e recoñecemento das obrigas correspondentes
5	113.893,00	Aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2016
10	52.260,80	Aprobación de facturas número 31/2016 e recoñecemento das obrigas correspondentes
15	80.589,32	Aprobación de facturas número 42/2016 e recoñecemento das obrigas correspondentes.
18	75.245,29	Aprobación de facturas número 49/2016 e recoñecemento das obrigas correspondentes.
24	66.269,20	Aprobación de facturas número 67/2016 e recoñecemento das obrigas correspondentes.
27	152.068,62	Aprobación de facturas número 77/2016 e recoñecemento das obrigas correspondentes.

Todos os expedientes son relacións de facturas de diversos servizos, subministracións e incluso certificacións de obras. O expediente número 5 tramítase polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, contendo maioritariamente facturas do exercicio anterior.

Nos sete informes de reparo formulados polo órgano interventor consta como motivo do reparo o previsto no apartado 2.c) do artigo 216 do TRLRFL, é dicir, a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

A causa do reparo que se alega fundamentalmente é a realización de gastos prescindido do procedemento legalmente establecido para a súa contratación, se ben procede diferenciar entre:

- Infraccións na licitación e preparación dos expedientes de contratación. A esta causa responden 4 expedientes de contratación no que se expoñen, entre outras irregularidades, que se ten superado o importe do contrato menor, polo que se debería ter instrumentado o oportuno procedemento administrativo de contratación.
- Irregularidades na execución do contrato. Responde a esta causa 3 expedientes de contratación nos que se expoñen, entre outras irregularidades, que se teñen realizado prestacións fóra do período de vixencia do contrato. Nestes casos tramítanse facturas de servizos cuxos contratos iniciais xa finalizaron a súa vixencia pero que seguen a ser prestados polas empresas, sen que se teña tramitado o preceptivo expediente de contratación. Esta circunstancia ten como consecuencia que o gasto acumulado supera o límite legal establecido para os contratos menores, de tal xeito que a prestación de servizos se realiza sen contrato que lles dea cobertura legal.

En ningún expediente consta a formulación expresa de discrepancia polo órgano xestor do gasto reparado. No relativo á motivación da resolución, en todos os expedientes se alude a que a Administración debe facer fronte ás obrigas adquiridas co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

A resolución contraria ao reparo acordase en todos os expedientes polo alcalde.

EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

O órgano de Intervención do Concello de Monforte de Lemos certificou que non se tramitaron expedientes con omisión de fiscalización previa no exercicio 2016.

ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS

O órgano de Intervención do Concello de Monforte comunicou dúas anomalías na xestión de ingresos no exercicio 2016, cuxo importe global ascende a 45.395,31, non superando ningunha delas o importe de 50.000 euros.

ÁREA DE MAIOR RISCO DE XESTIÓN DA ENTIDADE

Da información remitida polo órgano de intervención resulta que a contratación se configura como área de maior risco da entidade.

IX.1.2 CONCELLO DE SARRIA

O Concello de Sarria remitiu a información prevista no artigo 218.3 do TRLRFL, correspondente ao exercicio 2016, o 19/04/2017, conseguintemente, dentro do prazo establecido.

A entidade tamén remitiu no prazo establecido a documentación adicional que se estimou necesaria para a realización deste fiscalización.

IX.1.2.1. SISTEMA DE CONTROL INTERNO EMPREGADO NA ENTIDADE

Do cuestionario de control interno remitido polo titular do órgano de Intervención, así como da información dispoñible na plataforma de rendición de contas, despréndese os seguintes datos:

Organización e dotación de persoal da unidade de intervención.

Segundo o organigrama da entidade, o departamento de intervención estrutúrase nos seguintes postos: Interventora (FHCN), un técnico de administración xeral e dous auxiliares administrativos. O titular do órgano de intervención considera suficiente a dotación de persoal asignada.

O volume medio de gasto fiscalizado por empregado nos concellos da provincia de Lugo obxecto de análise é de 2.841.479,32 euros. A ratio de volume fiscalizado por empregado adscrito ao departamento con función de fiscalización e control no Concello de Sarria é de 2.199.950,62 euros.

Respecto do prazo de que dispón a intervención para analizar a documentación, o órgano de control manifesta que non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa con prazo suficiente, ao ser inferior a dez días hábiles.

CONTROL INTERNO

Función interventora. Área de gastos

No relativo ao sistema de control interno implantado pola entidade, a regulación do mesmo realizase exclusivamente a través das BEO sen que exista ningún manual de procedemento relacionado coas áreas de control interno.

En relación á intervención previa en materia de gastos, a entidade non sempre realiza a fiscalización previa sobre a proposta de gasto a retención de crédito, limitándose só á tramitación nalgúns expedientes, tal e como se reflicte na documentación e información remitida pola entidade.

A entidade non ten regulada nas BEO a fiscalización previa limitada, polo que desenvolve a función de fiscalización de gastos en réxime de fiscalización previa plena, agás os gastos enumerados no apartado 1º) do artigo 219 do RDL 2/2004, que segundo a base 34.2 da BEO non están suxeitos a fiscalización previa nas fases de autorización e disposición.

Segundo o disposto na BEO número 15 o órgano competente para a aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito é o Pleno da Corporación.

Xestión de facturas

O procedemento de xestión de facturas atópase normalizado. Todas as facturas son anotadas no rexistro de facturas, tal e como dispón o artigo 9 da Lei 25/2013. Con posterioridade ao seu rexistro, remítense ao órgano responsable da obriga económica.

Non obstante, incúmprese a obriga establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, que ordena realizar requirimentos periódicos respecto ás facturas pendentes de recoñecemento da obriga; así como a obriga de incorporar ao informe trimestral de morosidade todas as facturas para as que se exceda o prazo de 3 meses dende a súa anotación, sen tramitar a obriga nin xustificar a ausencia da devandita tramitación, tal e como dispón o artigo 4 da lei 15/2010.

O importe das obrigas pendentes de pagamento da entidade a data 31/12/2016 é de 1.874.935,12 euros, o que implica ó 21,30% sobre as obrigas netas totais recoñecidas no exercicio.

Control da conta 413 "acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"

Ó órgano de control interno realiza control sobre a conta 413, acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. O saldo final da conta 413 é de 1.402,25 euros no exercicio 2015 e de 625.895,71 euros no exercicio 2016. O saldo da conta 413 para o exercicio 2016 representa un 7,11% sobre as obrigas recoñecidas netas.

En termos cuantitativos, o saldo da conta para o exercicio 2016 sitúase por encima do saldo medio

da conta 413 das entidades de Galicia de tamaño poboacional comprendido entre 10.001 a 20.000 habitantes (298.119 euros), así como por riba da media nacional (333.624 euros).

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento, constitúe un incumprimento da normativa orzamentaria, por canto vulnera os principios orzamentarios de anualidade e temporalidade dos créditos, así como os principios contables de rexistro, prudencia e devindicación.

Ordenación do pago

A entidade non ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería. A prelación de pagos non se axusta a data de rexistro das facturas.

A aprobación dun Plan de disposición de fondos de tesourería é obrigatorio para todas as entidades e, en ausencia do mesmo, deberá respectarse a prelación de créditos regulada no artigo 135.3 da CE, no artigo 14 da LOEOSF, así como no artigo 187 do TRLRFL. Así, da sinalada normativa resulta a seguinte prelación de créditos na expedición das ordes de pago: débeda pública, créditos de persoal e créditos de exercicios pechados e resto de obrigas por orde de antigüidade da débeda.

Realízase control sobre a aplicación das cantidades percibidas polos perceptores de pagos a xustificar no prazo máximo de tres meses.

Función interventora. Control financeiro

O concello non ten establecido un plan de control financeiro, polo que non se efectuaron actuacións neste sentido.

A ausencia de control financeiro ten especial transcendencia na presente entidade, por canto o Concello de Sarria conta cun organismo autónomo, a residencia de anciáns "Nuestra Señora del Carmen", cun orzamento de gastos de 916.993,35 euros, o que implica case o 10% do orzamento de gastos deste concello.

Cómpre sinalar que se ben non resulta de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización, á data de elaboración do presente informe, entrou en vigor o Decreto 474/2015, que establece a obrigabilidade de levar a cabo unha adecuada planificación de control financeiro mediante o Plan anual de control financeiro, que deberá elaborar o órgano interventor sobre a base dunha análise de riscos e remitilo ao Pleno a efectos informativos.

O Plan anual de control financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, ao menos, un control efectivo do oitenta por cen do orzamento xeral consolidado. No transcurso de tres exercicios consecutivos, deberá alcanzar o cen por cen de dito orzamento.

Función interventora. Área de ingresos

A base número 36 das BEO substitúe a fiscalización previa dos ingresos pola toma de razón na contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxes e auditorías, pero, segundo consta no cuestionario de control interno recibido, na xestión de ingresos non se levan a cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante as ditas técnicas de mostraxe ou de auditoría. Ademais, tampouco o concello ten establecido criterios para a contabilización de ingresos nin existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.

En termos de dereitos recoñecidos, os recursos propios representan o 56,54% dos recursos ordinarios da entidade. Dita porcentaxe é inferior á media galega para os concellos de igual tramo de poboación (60%).

OUTRAS CUESTIÓNS RELATIVAS AO SISTEMA DE CONTROL INTERNO

De acordo co establecido na base 34 das BEO, o interventor municipal asistirá por si ou por persoa designada expresamente ao efecto a todas as recepcións definitivas de obras cuxa contía supere os 300.000 euros; delégase de forma xenérica nos técnicos municipais a asistencia a recepción das obras comprendidas entre 50.000 euros e 300.000 euros, se ben se deberá realizar a comunicación previa ao interventor e acórdase a delegación xenérica sen comunicación previa para obras cun importe inferior a 50.000 euros.

Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, coa exclusión do imposto sobre o valor engadido; no mesmo sentido, a Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

Finalmente, non constan datos sobre a actividade da unidade interventora: número de informes emitidos, extremos que se comprobaban nos expedientes, diferenciando entre expedientes de contratación, de subvencións, de persoal e outros.

IX.1.2.2. RESULTADOS DA ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN E ANOMALÍAS DE INGRESOS.

No seguinte cadro preséntanse os acordos contrarios aos reparos adoptados polo Concello de Sarria, así como os expedientes con omisión de fiscalización previa concluídos e as anomalías de ingresos correspondentes ao exercicio 2016 e que foron comunicados pola intervención da entidade, diferenciando entre o importe total comunicado e o importe obxecto da mostra, fixado en importes

superiores a 50.000 euros.

Cadro 16: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos . Concello de Sarria.

Entidade	2016 Total		2016 máis de 50.000€	
	Nº	Importe	Nº	Importe
Concello	112	2.720.042,62	8	2.260.842,65
OOAA Nuestra Señora del Carmen	19	311.549,80	1	203.800,00
<i>Total Acordos e Resolucións</i>	<i>131</i>	<i>3.031.592,42</i>	<i>9</i>	<i>2.464.642,65</i>
Concello	2	108.749,70	1	108.066,70
OOAA Nuestra Señora del Carmen	2	27.709,52	0	0,00
<i>Total Expedientes omisión fiscalización</i>	<i>4</i>	<i>136.459,22</i>	<i>1</i>	<i>108.066,70</i>
Concello	3	19.981,60	0	0,00
OOAA Nuestra Señora del Carmen	3	903.000,00	1	850.000,00
<i>Total Anomalías ingresos</i>	<i>6</i>	<i>922.981,60</i>	<i>1</i>	<i>850.000,00</i>
TOTAL	141	4.091.033,24	11	3.422.709,35

A continuación, expóñense os resultados do traballo efectuado sobre os expedientes que forman parte da mostra.

ACORDOS E RESOLUCIÓNES CONTRARIOS A REPAROS FORMALIZADOS POLO ÓRGANO INTERVENTOR

No exercicio 2016 adóptanse 131 acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola intervención por un importe global de 3.031.592,42 euros, dos cales 19 corresponden ao organismo autónomo Nuestra Señora del Carmen, dependente do concello. Deles, 9 superan a contía de 50.000 euros, e dentro destes, 1 refírese ao mencionado organismo autónomo.

Debe aclararse que 4 expedientes (339/2016; 2492/2016; 2319/2016 e 18/2016) incorporan varios negocios xurídicos, polo que, para os efectos da súa clasificación, óptase por tomar en consideración o negocio cuxa contía represente a maior proporción do importe total do expediente comunicado.


Os expedientes 2492/2016 e 2319/2016 conteñen maioritariamente facturas de exercicios anteriores e son aprobadas polo Pleno a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

No seguinte cadro móstranse os acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola Intervención no exercicio 2016 que superan a contía de 50.000 euros.

Cadro 17: Resolucións e acordos contrarios aos reparos. Concello de Sarria.

ACORDOS E RESOLUCIÓN S CONTRARIOS A REPAROS				
Tipo de expediente	Número	Importe	%	Incumprimento
<i>EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN</i>	4	1.872.306,95	75,97%	
Contrato de servicios	2	1.217.001,40	49,38%	2.1.a. Ausencia procedemento de contratación.
Contrato de Obras	2	655.305,00	26,59%	2.1.a. Ausencia do procedemento de contratación
<i>EXPEDIENTES DE SUBVENCÍONS</i>	1	190.160,12	7,72%	
Subvencións e axudas	1	190.160,12	7,72%	3.2.b. Procedemento irregular para la concesión de la subvención.
<i>GASTOS DE PERSONAL</i>	4	402.175,58	16,32%	
Gastos de persoal	3	271.104,96	11,00%	1.1.b. Contratación non se axusta a procedemento.
	1	131.070,62	5,32%	1.5.c. Productividade periódica, sen recoñecer o especial rendemento ou desempeño.
TOTAL	9	2.464.642,65	100%	

Gráfico 6: Clasificación dos incumprimentos dos acordos e resolucións contrarios a reparos. Concello de Sarria.



Os 9 informes de reparo formulados polo órgano interventor teñen por obxecto a contratación administrativa en 4 expedientes; gastos de persoal en 4 expedientes e subvencións e axudas públicas en 1 expediente.

O obxecto dos 9 acordos ou resolucións é a autorización de gastos e o recoñecemento de obrigas co seguinte contido:

Cadro 18: Contido dos acordos ou resolucións contrarios aos reparos . Concello de Sarria.

CONTIDO DOS ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS A REPAROS. CONCELLO DE SARRIA. EXERCICIO 2016		
Nº Expediente	IMPORTE	Contido do acordo ou resolución
1371/2016	108.066,70	Recoñecemento da obriga relativa ao pago da nómina do persoal do concello do mes de xuño e paga extraordinaria do mesmo mes
1849/2016	97.129,20	Autorización do gasto relativo á contratación seis profesores para a Escola Municipal de Música para o curso 2016-2017
2241/2016	65.909,06	Autorización de gasto relativa á contratación de persoal laboral temporal.
275/2016	131.070,62	Recoñecemento da obriga relativa ao pago da nómina do persoal do concello do mes de xaneiro: produtividade
339/2016	1.013.201,40	Recoñecemento de obrigas correspondentes a varios contratos de servizos (seguros, axuda no fogar, mantemento informático, limpeza)
1404/2016	81.286,57	Recoñecemento de obriga relativas á subministración e traballos realizados en camiños veciñais municipais.
2492/2016	574.018,98	Aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2016 para facer fronte ao pago de diversas facturas.
2319/2016	190.160,12	Aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2016 para facer fronte ao pago de diversas facturas
18/2016* (OOAA)	203.800,00	Recoñecemento de obrigas para facer fronte a diversos servizos e subministracións para a residencia de anciáns Nuestra Señora del Carmen.

Nos nove informes de reparo formulados polo órgano interventor consta como motivo do reparo o previsto no apartado 2.c) do artigo 216 do TRLRFL, é dicir, a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Os principais incumprimentos, analizados por tipo de expediente, son os seguintes:

- Nos 4 expedientes de contratación, alégase fundamentalmente a realización de gastos prescindindo do procedemento legalmente establecido para a súa contratación. As prestacións obxecto das facturas fixéronse sen a cobertura dunha relación contractual. Trátase de subministracións e servizos que superan o importe do contrato menor.
- Nos 4 expedientes de persoal, alúdese, nun caso, a que a distribución do complemento de produtividade non se realiza cuns criterios obxectivos; noutros, a que se procede á contratación de persoal sen xustificar a excepcionalidade, urxencia e a necesidade inaprazable, vulnerando a limitación para a contratación de novo persoal contida na Lei de orzamentos do estado para 2016; e finalmente, á concatenación de contratacións para servizos continuados no tempo.
- No expediente de subvencións e axudas públicas advírtese sobre a existencia de irregularidades do procedemento de concesión.

A fase de gasto reparada é, en 7 expedientes, o recoñecemento da obriga e nos 2 restantes, a fase de autorización.

En ningún expediente consta a formulación expresa de discrepancia polo órgano xestor do gasto reparado. A resolución ou acordo contrario ao reparo consta motivada en 7 dos 9 expedientes.

A resolución contraria ao reparo adóptase en 7 expedientes polo Presidente e en 2 polo Pleno.

EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

O órgano de Intervención do Concello de Sarria comunicou 4 expedientes con omisión de fiscalización previa (2 corresponde ao organismo autónomo) por importe global de 136.459,22 euros, dos que 1 supera o importe de 50.000 euros.

Cadro 19: Expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concello de Sarria.

EXPEDIENTES CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA. CONCELLO DE SARRIA. EJERCICIO 2016				
Expediente	Procedemento	Incumprimento	Importe	%
14/2016	Aprobación por Decreto da Alcaldía	Incidencias ou deficiencias na contratación de novo persoal .	108.066,70	100%

O expediente ten por obxecto a contratación de novo persoal laboral mediante subvención da Xunta de Galicia para a contratación de persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión laboral. A selección de persoal subvencionado realízase pola oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia, extremo que é obxecto de reparo, por contravir a normativa administrativa que regula o acceso ao emprego público.

ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS

O órgano de Intervención do Concello Sarria comunicou 6 anomalías na xestión de ingresos no exercicio 2016 (3 corresponde ao organismo autónomo Nuestra Señora del Carmen) cuxo importe global ascende a 922.981,60, superando 1 delas o importe de 50.000 euros.

Cadro 20: Anomalías ingresos de importe superior a 50.000 euros. Concello de Sarria.

Entidade	Número de expediente	Tipo de ingreso	Fase de execución	Trámite	Ano devindicamento	Importe
OOAA Nuestra Señora del Carmen	1/2016	Taxa	Recoñecemento de obrigas	Liquidación individual	2016	850.000

A intervención emite nota de reparo no momento de recoñecemento contable do dereito da taxa pola asistencia e estancia na residencia municipal de maiores e outros establecementos análogos e do prezo público polo servizo de acompañamento a centros sanitarios aos residentes do organismo autónomo Residencia de Anciáns "Nuestra Señora del Carmen" dos meses de xuño, setembro, outubro, novembro e decembro. A mencionada nota de reparo emítese por canto non lle consta ao órgano fiscalizador resolución algunha na que se recolla e aprrobe a liquidación de ditos ingresos.

IX.1.3. CONCELLO DE VIVEIRO

O Concello de Viveiro remitiu a información prevista no artigo 218.3 do TRLRFL, correspondente ao exercicio 2016, o 25/04/2017, conseguintemente, dentro do prazo establecido.

Solicitada documentación adicional que se estimou necesaria para a realización desta fiscalización, a mesma foi remitida en prazo.

IX.1.3.1 SISTEMA DE CONTROL INTERNO EMPREGADO NA ENTIDADE

Do cuestionario de control interno remitido polo titular do órgano de Intervención, así como da información dispoñible na plataforma de rendición de contas, despréndese os seguintes datos:

Organización e dotación de persoal da unidade de intervención

Segundo o organigrama da Entidade, o departamento/área de intervención estrutúrase nos seguintes postos: Interventora (FHCN, acumulado), un técnico de servizos económicos, dous administrativos, un xefe de sección tesourería e un auxiliar administrativo. O titular do órgano de intervención considera insuficiente a dotación de persoal asignada.

O volume medio de gasto fiscalizado por empregado nos concellos da provincia de Lugo obxecto de análise é 2.841.479,32 euros. O Concello de Viveiro sitúase por debaixo de dita media, cunha ratio de volume fiscalizado por empregado adscrito ao departamento de 2.639.527,42 euros.

No tócate ao prazo de que dispón a intervención para analizar a documentación, o titular de intervención manifesta que non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa con prazo suficiente, ao ser inferior a dez días hábiles.

CONTROL INTERNO

Función interventora. Área de gastos

No relativo ao sistema de control interno implantado pola entidade, a regulación do mesmo realizase exclusivamente a través das BEO, sen que exista ningún manual de procedemento relacionado coas áreas de control interno.

En relación á intervención do gasto sobre a tramitación da proposta de gasto e retención de crédito, segundo o cuestionario de control interno, realízase para gastos superiores a 1.000 euros.

A base número 35 das BEO establece que a función interventora se realiza polo sistema de fiscalización previa limitada para as nóminas e gastos do capítulo 1º e capítulo 2º e 6º, limitándose o alcance da mesma aos requisitos básicos regulados no artigo 219.2 do TRLFL.

En relación coa fiscalización posterior plena, segundo consta no cuestionario interno, realízase sobre unha mostra representativa dos expedientes sometidos a fiscalización previa limitada.

Consta regulado na base de execución número 23 o procedemento para a aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Xestión de facturas

O procedemento de xestión de facturas atópase normalizado. Todas as facturas son anotadas no rexistro de facturas, tal e como dispón o artigo 9 da Lei 25/2013. Con posterioridade ao seu rexistro, remítense ao órgano responsable da obriga económica.

Non obstante, incúmprese a obriga establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, que ordena realizar requirimentos periódicos respecto ás facturas pendentes de recoñecemento da obriga; así como a obriga de incorporar ao informe trimestral de morosidade todas as facturas para as que se exceda o prazo de 3 meses dende a súa anotación, sen tramitar a obriga nin xustificar a ausencia da devandita tramitación, tal e como dispón o artigo 4 da lei 15/2010. Segundo consta no cuestionario de control interno inclúese a partir do segundo semestre de 2017.

O importe das obrigas pendentes de pagamento da entidade a data 31/12/2016 é de 1.705.075,78 euros, o que implica o 12,91% sobre as obrigas netas totais recoñecidas no exercicio.

Control da conta 413 “acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”

Ó órgano de control interno realiza control sobre a conta 413, acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. O saldo final da conta 413 é de 791.021,56 euros no exercicio 2015 e de 761.264,56 euros no exercicio 2016. O saldo da conta 413 para o exercicio 2016 representa un 5,77% sobre as obrigas recoñecidas netas.

En termos cuantitativos, dito saldo sitúase por encima do saldo medio da conta 413 das entidades de Galicia de tamaño poboacional comprendido entre 10.001 a 20.000 habitantes(298.119 euros), así como por riba da media nacional (333.624 euros).

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento e que se vén mantendo ao longo do tempo, constitúen un incumprimento da normativa orzamentaria, por canto vulnera os principios orzamentarios de anualidade e temporalidade dos créditos, así como os principios contables de rexistro, prudencia e devindicación.

Ordenación do pago

A entidade ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería. A prelación de pagos axustase a data de rexistro das facturas.

Realízase control sobre a aplicación das cantidades percibidas polos perceptores de pagos a xustificar no prazo máximo de tres meses.

Función interventora. Control financeiro

No cuestionario de control interno remitido pola intervención, o interventor manifesta que realiza

actuacións de control financeiro; non obstante, dito extremo non se acreditou documentalmente.

Cómpre sinalar que se ben non resulta de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización está en vigor o RD 474/2015 que establece a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación de control financeiro mediante o Plan anual de control financeiro, que deberá elaborar o órgano interventor sobre a base dunha análise de riscos e remitilo ao Pleno da entidade para os seus efectos informativos.

O Plan anual de control financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, cando menos, un control efectivo do oitenta por cen do orzamento xeral consolidado. No transcurso de tres exercicios consecutivos, deberá alcanzar o cen por cen de dito orzamento.

Función interventora. Área de ingresos.

A base número 35 BEO substitúe a fiscalización previa dos ingresos pola toma de razón na contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxes e auditorías.

Segundo consta no cuestionario de control interno recibido, existe fiscalización previa de todos os ingresos, agás os procedentes de taxas de: conservatorio; praza de abastos; piscina; gardería e axuda no fogar, supostos nos que se aproban padróns de liquidación mensuais, realizando a toma de razón contable. Sobre estes ingresos non se levan a cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou de auditoría. Ademais, tampouco existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.

En termos de dereitos recoñecidos, os recursos propios representan o 63,46% dos recursos ordinarios da entidade. Dita porcentaxe é inferior a media galega para os concellos de igual tramo de poboación (60%).

OUTRAS CUESTIÓNS RELATIVAS AO SISTEMA DE CONTROL INTERNO

As BEO non regulan o procedemento para a comprobación material dos investimentos.

Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, coa exclusión do imposto sobre o valor engadido; no mesmo sentido, a Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

Finalmente, non constan datos sobre a actividade da unidade interventora: número de informes emitidos, extremos que se comprobán nos expedientes, diferenciando entre expedientes de

contratación, de subvencións, de persoal e outros.

IX.1.1.2. RESULTADOS DA ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DA FISCALIZACIÓN E ANOMALÍAS DE INGRESOS.

No seguinte cadro preséntanse os acordos contrarios aos reparos adoptados polo Concello de Viveiro, así como os expedientes con omisión de fiscalización previa concluídos e as anomalías de ingresos correspondentes ao exercicio 2016 e que foron comunicados pola intervención da entidade, diferenciando entre o importe total comunicado e o importe obxecto da mostra, fixado en importes superiores a 50.000 euros.

Cadro 21: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión da fiscalización e anomalías de ingresos. Concello de Viveiro.

Entidade	2016 Total		2016 máis de 50.000€	
	Nº	Importe	Nº	Importe
Viveiro				
<i>Total Acordos e Resolucións</i>	3	52.095,52	0	0
Viveiro				
<i>Total Expedientes omisión fiscalización</i>	17	692.287,39	4	443.445,43
Viveiro				
<i>Total Anomalías ingresos</i>	<i>Certificación negativa</i>		<i>Certificación negativa</i>	
TOTAL	20	744.382,91	4	443.445,43

A continuación, expóñense os resultados do traballo efectuado sobre os expedientes que forman parte da mostra.

ACORDOS E RESOLUCIÓNES CONTRARIOS A REPAROS FORMALIZADOS POLO ÓRGANO INTERVENTOR

O órgano de Intervención do Concello de Viveiro comunicou no exercicio 2016 tres resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención, cuxo importe global ascende a 52.095,52, non superando ningunha delas o importe de 50.000 euros.

EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

O órgano de Intervención do Concello de Viveiro comunicou 4 expedientes con omisión de fiscalización previa no exercicio 2016, cuxo importe global ascende a 443.445,43 euros.

Cadro 22: Expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concello de Viveiro.

EXPEDIENTES CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA. CONCELLO DE VIVEIRO. EJERCICIO 2016				
Expediente	Procedemento	Incumprimento	Importe	%
OFP001/2016	Validación de gasto e recoñecemento de obrigas	Prestacións fóra do período de vixencia do contrato	101.805,29	22,96%
OFP003/2016	Validación de gasto e recoñecemento de obrigas	Prestacións fóra do período de vixencia do contrato.	171.055,34	38,57%
OFP004/2016	Validación de gasto e recoñecemento de obrigas	Prestacións fóra do período de vixencia do contrato	88.672,42	20,00%
OFP006/2016	Validación de gasto e recoñecemento de obrigas	Prestacións fóra do período de vixencia do contrato	81.912,38	18,47%
			443.445,43	100,00%

Os expedientes teñen por obxecto a contratación de servizos de limpeza e axuda no fogar, tal e como se recolle no cadro seguinte:

Cadro 23: Descrición de expedientes con omisión de fiscalización previa. Concello de Viveiro.

Nº expediente	Descrición Expediente
OFP001/2016	Contratación servizos de limpeza
OFP003/2016	Contratación servizo de axuda no fogar
OFP004/2016	Contratación servizo axuda no fogar
OFP006/2016	Contratación servizo axuda no fogar

Examinada a documentación recibida, resulta que a causa do reparo nos 4 expedientes é a falta de tramitación de procedemento contractual, por terse realizado prestacións fóra do período de vixencia do contrato. Nestes casos tramítanse facturas de servizos cuxos contratos iniciais xa finalizaron a súa vixencia pero que seguen a ser prestados polas empresas, sen que se teña tramitado o preceptivo expediente de contratación. Esta circunstancia ten como consecuencia que o gasto acumulado supera o límite legal establecido para os contratos menores, de tal xeito que a prestación de servizos se realiza sen contrato que lles dea cobertura legal.

A validación dos 4 expediente motivase na teoría do enriquecemento inxusto da Administración.

ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS

O órgano de intervención do Concello de Viveiro certificou que non se tramitaron anomalías na xestión de ingresos no exercicio 2016.

IX.2. ENTIDADES QUE INCUMPREN A OBRIGA DE REMISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 218.3 DO TRLRFL

IX.2.1 CONCELLO DE VILALBA

IX.2.1.1 RESULTADO DO TRABALLO

O Concello de Vilalba non remitiu a información prevista no artigo 218.3 do TRLRFL correspondente ao exercicio 2016.

O artigo 218.3 do TRLRFL establece que o órgano Interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Cuentas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da entidade local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos así como os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización, así como, de selo caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación Local.

Vencido o prazo máximo sinalado para estes efectos na data de 30 de abril de 2017, dito incumprimento foi posto de manifesto á entidade no requirimento remitido en data 11 de maio de 2017, información que se reiterou no oficio de comunicación de inicio da fiscalización remitido o día 17 de novembro de 2017, así como nun novo requirimento feito o 9 de setembro de 2018.

IX.2.1.2 SISTEMA DE CONTROL INTERNO EMPREGADO NA ENTIDADE

Do cuestionario de control interno remitido polo titular do órgano de Intervención, así como da información dispoñible na plataforma de rendición de contas, despréndese os seguintes datos:

Organización e dotación de persoal da unidade de intervención

Segundo o organigrama da Entidade, o departamento de intervención estrutúrase nos seguintes postos: interventora (FHCN) e un administrativo. O titular do órgano de intervención considera insuficiente a dotación de persoal asignada.

O volume medio de gasto fiscalizado por empregado nos concellos da provincia de Lugo obxecto de análise é 2.841.479,32 euros. O Concello de Vilalba sitúase moi por encima de dita media, cunha ratio de volume fiscalizado por empregado adscrito ao departamento de 5.505.735,05 euros.

No tócate ao prazo de que dispón a intervención para analizar a documentación, o titular de intervención manifesta que non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa con prazo suficiente, ao ser inferior a dez días hábiles.

Control interno

Función interventora. Área de gastos

No relativo ao sistema de control interno implantado pola entidade, a regulación do mesmo realízase exclusivamente a través das BEO, sen que exista ningún manual de procedemento relacionado coas áreas de control interno.

En relación coa intervención previa en materia de gastos, a entidade non sempre realiza a fiscalización previa sobre a proposta de gasto e retención de crédito.

A entidade non ten regulada nas BEO a fiscalización previa limitada, polo que desenvolve a función de fiscalización de gastos en réxime de fiscalización previa plena, agás os gastos enumerados no apartado 1º do artigo 219 do RDL 2/2004, que segundo a base 77 da BEO non están suxeitos a fiscalización previa nas fases de autorización e disposición.

A base número 26 das BEO establece que o órgano competente para a aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito é o Pleno da Corporación sempre que non exista dotación orzamentaria e nos supostos de operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

Xestión de facturas

O procedemento de xestión de facturas atópase normalizado. Todas as facturas son anotadas no rexistro de facturas, tal e como dispón o artigo 9 da Lei 25/2013. Con posterioridade ao seu rexistro, remítense ao órgano responsable da obriga económica.

Non obstante, incúmprese a obriga establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, que ordena realizar requirimentos periódicos respecto ás facturas pendentes de recoñecemento da obriga; así como a obriga de incorporar ao informe trimestral de morosidade todas as facturas para as que se exceda o prazo de 3 meses dende a súa anotación, sen tramitar a obriga nin xustificar a ausencia da devandita tramitación, tal e como dispón o artigo 4 da lei 15/2010.

O importe das obrigas pendentes de pagamento da entidade a data 31/12/2016 é de 882.902,28 euros, o que representa o 8,02% sobre as obrigas netas totais recoñecidas no exercicio.

Control da conta 413 "acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"

Realízase control sobre a conta 413, acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. O saldo final da conta 413 é de 345.103,57 euros no exercicio 2015 e mantense invariable para o exercicio 2016. O saldo da conta 413 para o exercicio 2016 representa un 3,13% sobre as obrigas recoñecidas netas.

En termos cuantitativos, dito saldo sitúase por encima do saldo medio da conta 413 das entidades



de Galicia de tamaño poboacional comprendido entre 10.001 a 20.000 habitantes (298.119 euros), así como por riba da media nacional (333.624 euros).

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento e que se vén mantendo ao longo do tempo constitúen un incumprimento da normativa orzamentaria, por canto vulnera os principios orzamentarios de anualidade e temporalidade dos créditos, así como os principios contables de rexistro, prudencia e devindicación.

Ordenación do pago

A entidade non ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería. A prelación de pagos axustase a data de rexistro das facturas.

Realízase control sobre a aplicación das cantidades percibidas polos perceptores de pagos a xustificar no prazo máximo de tres meses.

Función interventora. Control financeiro

O concello non ten establecido un plan de control financeiro, polo que non se efectuaron actuacións neste sentido.

Cómpre sinalar que se ben non resulta de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización está en vigor o RD 474/2015 que establece a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación de control financeiro mediante o Plan anual de control financeiro, que deberá elaborar o órgano interventor sobre a base dunha análise de riscos e remitilo ao Pleno da entidade para os seus efectos informativos.

O Plan anual de control financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, cando menos, un control efectivo do oitenta por cen do orzamento xeral consolidado. No transcurso de tres exercicios consecutivos, deberá alcanzar o cen por cen de dito orzamento.

Función interventora. Área de ingresos

A base número 81 BEO substitúe a fiscalización previa dos ingresos pola toma de razón na contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxes e auditorías, pero, segundo consta no cuestionario de control interno recibido, na xestión de ingresos non se levan a cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante as ditas técnicas de mostraxe ou de auditoría. Ademais, tampouco o concello ten establecido criterios para a contabilización de ingresos nin existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.

En termos de dereitos recoñecidos, os recursos propios representan o 54,74% dos recursos

ordinarios da entidade. Dita porcentaxe é inferior a media galega para os concellos de igual tramo de poboación (60%).

OUTRAS CUESTIÓNS RELATIVAS AO SISTEMA DE CONTROL INTERNO

As BEO non regulan o procedemento para a comprobación material dos investimentos.

Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, coa exclusión do imposto sobre o valor engadido; no mesmo sentido, a Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

Finalmente, non constan datos sobre a actividade da unidade interventora: número de informes emitidos, extremos que se comprobaban nos expedientes, diferenciando entre expedientes de contratación, de subvencións, de persoal e outros

IX.2.1.3 INCUMPRIMENTOS

O Concello de Vilalba non remitiu a información prevista no artigo 218.3 do TRLRFL correspondente ao exercicio 2016.

Ao incumprimento relacionado, resúltalle de aplicación a seguinte disposición:

A lei 19/2013 de Transparencia, acceso á Información Pública e bo goberno tipifica nos artigos 27 e 28, como faltas moi graves, entre outras, o incumprimento das obrigas de publicación ou subministración de información previstas na normativa orzamentaria e económico financeira, sempre que neste último caso se houberse formulado requirimento. No Concello de Vilalba pode terse incorrido en supostos de infraccións graves ou moi graves polo incumprimento relativo á remisión da información anteriormente descrita.

X. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS XERAIS

X.1. CONCLUSIÓNS XERAIS

Como resultado do traballo realizado, fórmulanse as seguintes conclusións:

1 En relación co cumprimento de remisión da documentación

- Os concellos de Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro cumpriron en prazo a obriga de remisión de documentación establecida no artigo 218.3 do TRLFL. O concello de Vilalba non remitiu na data de peche do informe a información esixida no artigo 218.3 do TRLFL.

- Todas as entidades remitiron o cuestionario de control interno que foi requirido o órgano de control no marco da presente fiscalización.

2 En relación á organización interna da entidade

Os titulares dos órganos de intervención manifiestan que non teñen acceso á documentación obxecto de fiscalización en prazo suficiente. Esta circunstancia dáse en todos os concellos.

3 En relación a situación global do control interno

3.1 En relación coa fiscalización dos gastos,

- Os concellos de Viveiro e Monforte de Lemos realizan a fiscalización previa limitada do gasto. O concello de Monforte de Lemos incumpre a obriga de fiscalización plena posterior regulada no artigo 219.3 do TRLRFL.

3.2 En relación coa fiscalización de dereitos,

- Todos os concellos substitúen a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e non realizan controis con posterioridade. Destaca que, fronte aos 161 expedientes de reparos formulados polos órganos de intervención en materia de gastos, tan só se tramitaron 8 expedientes de anomalías en materia de ingresos, o cal podería ser indicativo dunha ausencia de control real e eficaz dos ingresos máis que responder a unha omisión real de incidencias. Tendo en conta a importancia dos recursos propios para as entidades fiscalizadas ao representar de media o 58,34% dos seus recursos ordinarios, o control sobre os mesmos resulta esencial.

3.3 En relación ao Control da conta 413 “acretores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”,

- Todos os concellos presentan saldo positivo na conta 413 o que vulnera os principios orzamentarios de anualidade e temporalidade dos créditos, así como os principios contables de rexistro, prudencia e devindicación.

3.4 En relación ao control financeiro,

- Ningunha das entidades ten aprobado o Plan de control financeiro. O control interno da entidade execútase polo órgano interventor a través da función interventora e do control financeiro. A omisión dun Plan de Control Financeiro implica unha deficiente execución do control interno das entidades.

3.5 En relación coa ordenación do pago,

- Os concellos de Sarria e Vilalba non teñen aprobado o preceptivo Plan de disposición de fondos de tesourería. O Concello de Sarria incumpre a orde de prelación de créditos na

expedición das ordes de pagamento.

4 En relación aos acordos e resolucións contrarios á reparos, expedientes con omisión de fiscalización e anomalías.

4.1 Os concellos de Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro comunicaron os seguintes datos:

- Adoptáronse 161 acordos e resolucións contrarios a reparos por un importe total de 4.318.069,27 euros, dos que 16 superan o importe de 50.000 euros, por importe de 3.095.849,71 euros.
- Tramitáronse 21 expedientes con omisión de fiscalización previa, por importe de 828.746,61 euros, dos que 5 superan o importe de 50.000 euros, por importe de 515.512,13 euros.
- Formuláronse 8 expedientes de anomalías de ingresos, por importe de 968.376,91 euros, dos que 1 superan o importe de 50.000 euros, por importe de 850.000 euros.

4.2 Os principais incumprimentos, son os seguintes:

4.2.1 En materia contractual,

- Nos concellos de Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro realizáronse gastos prescindindo dos procedementos legalmente establecidos para a súa contratación.
- Nos concellos de Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro utilizan os procedementos de recoñecemento extraxudicial de crédito e levantamento de reparo para a convalidación e aprobación de obrigas que poderían incorrer en vicios de nulidade, motivándose a maioría dos acordos no principio do enriquecemento inxusto da administración.

4.2.2 En materia de persoal,

- No Concello de Sarria no relativo ás retribucións do persoal, distribúese o complemento de produtividade de forma lineal, sen valorar as circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

5 En relación as áreas de risco das entidades

Da información avaliada ao longo do presente informe, conclúese que :

Dende o punto de vista da xestión do gasto a área de maior risco é a área de contratación.

Dende o punto de vista do control interno, ponse de manifesto un déficit no exercicio na función interventora sobre os dereitos e ingresos. Omítese a fiscalización dos dereitos, limitándose de forma xeneralizada en materia de ingresos á toma de razón en contabilidade, sen comprobacións

posteriores. A omisión do control implica que non poden chegar a ser detectados supostos de falta de liquidacións de dereitos ou de prescrición dos mesmos. En consecuencia, un dos puntos débiles da función interventora deste conxunto de entidades é a fiscalización de ingresos.

Tamén se observa unha ausencia sistemática de actuacións de control financeiro da actividade económico financeira do sector público local, o que impide comprobar o cumprimento dos principios de boa xestión financeira: eficiencia, eficacia e economía.

X.2. RECOMENDACIÓNS XERAIS

Do resultando da análise realizada e das conclusións expostas, fórmulanse as seguintes recomendacións, co obxectivo de corrixir as deficiencias expostas ao longo do presente informe e mellorar a xestión e control das entidades.

1. En relación co cumprimento de remisión da documentación.

Todas as entidades deben impulsar a remisión da documentación prevista no artigo 218.3 do TRLRFL dentro dos prazos establecidos. Deberán ser igualmente dilixentes no subministro da información requirida polo Consello de Contas.

2. Con relación á organización interna da entidade.

Os órganos de xestión de todas as entidades deben incrementar os seus esforzos para garantir que a documentación obxecto de fiscalización sexa posta a disposición do órgano de intervención con prazo suficiente, cunha antelación cando menos de dez días hábiles.

3. Con relación coa situación global do control interno.

Recoméndase que o órgano interventor incorpore ao Plan de Control Financeiro as seguintes actuacións:

3.1 En relación coa fiscalización dos gastos,

- No Concello de Monforte de Lemos acordarase a fiscalización plena posterior dos gastos sometidos a fiscalización previa limitada, exercida sobre unha mostra representativa de datos, regulando o método para a súa selección.

3.2 En relación coa fiscalización de dereitos,

- En todas as entidades da mostra acordarase a realización de actuacións de comprobación posterior, para aqueles dereitos nos que se acordou a substitución da fiscalización previa pola toma de razón en contabilidade, especificando o tamaño da mostra e o método para a súa selección.

4. En relación coa ordenación do pago,

- Recoméndase aos Concello de Sarria e Vilalba a aprobación dun Plan de Disposición de Fondos de Tesourería.
- O Concello de Sarria debe adoptar as medidas necesarias para respectar a orde de prelación de créditos na expedición das ordes de pagamento.

5 En relación cos acordos e resolucións contrarios a reparos, omisións de fiscalización previa e anomalías de ingresos.

Os órganos de goberno de todas as entidades non deben considerar como un procedemento ordinario de xestión a aprobación de acordos de recoñecementos extraxudiciais de crédito, levantamento de reparos ou adopción de acordos contrarios aos informes desfavorables dos órganos de intervención. En consonancia co anterior,

5.1 En materia contractual, recoméndase:

- Que os concellos de Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro elaboren o plan anual de contratación, no que se programe mediante o correspondente documento de planificación ou cronograma, a licitación daqueles gastos que se repiten reiterada e periodicamente, superando os límites e prazos do contrato menor. Igualmente, deberá garantirse que o inicio da tramitación dos expedientes de contratación derivada da finalización da vixencia dos contratos se realice coa antelación suficiente para evitar a execución de gastos sen cobertura contractual.
- Aconséllase que o órgano de control interno de todas as entidades realice as actuacións necesarias co fin de informar ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que deriven da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, nos termos establecidos no Disposición Adicional 28 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e nos artigos 28 e 30 da Lei 19/ 2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

5.2 Respecto do recoñecemento extraxudicial de crédito, recoméndase:

- Que o Pleno dos concellos de Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro regulen a través das bases de execución do orzamento a tramitación e contido dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, que deberá especificar a forma en que documentalmente se acredite a realización da prestación ou o dereito do acredor, así como a inclusión dunha memoria ou informe do órgano xestor onde se xustifique o carácter excepcional do gasto.
- En relación coa recomendación anterior, debe ser tido en conta, por todas as entidades que,



aínda que, non resulta de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización, actualmente entrou en vigor o RD 474/ 2015, que establece no relativo a aqueles expedientes en que se houbera omitido a función interventora, a obriga do órgano de intervención de formular un informe no que se porá de manifesto, entre outros extremos a *posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materialízase acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obriga ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións sexa inferior ao que se propón.*

5.3 En materia de retribucións de persoal,

Recoméndase ao Concello de Sarria que aprobe os criterios de distribución do complemento de produtividade, en base a circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

6 En relación as comprobacións materiais.

No relativo a comprobación material dos investimentos, adoptáranse as instrucións necesarias para que o órgano de intervención poida asistir á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

ANEXOS

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CUESTIONARIO DE CONTROL INTERNO

Nº	CUESTIONARIO SOBRE O CONTROL INTERNO DE MONFORTE	2016			Situación na actualidade			Datos adicionais (ver notas fin do cuestionario)
		SI	NON	N/A*	SI	NON	N/A*	
1	Remisión do organigrama da área/departamento de Intervención onde se describa o nome, posto de traballo e funcións de cada empregado.	X			X			
2	Consideran a estrutura organizativa axeitada en relación ao tamaño, actividades e complexidade?	X			X			
3	Están ocupados todos os postos de funcionarios con habilitación de carácter nacional integrados no órgano intervector?		X			X		
4	Están ocupados todos os postos de apoio ao órgano intervector?	X			X			
5	Ademais do previsto nas Bases de Execución do Orzamento (BEO), existe algún manual de procedementos relacionados coas áreas de control interno? Prégase remitan as BEO en pdf e, no caso de que a resposta fose afirmativa, remitan copia do manual tamén en pdf		X			X		
6	Procedemento previo á realización dun gasto: realízase sempre proposta de gasto e retención de crédito?		X			X		
